2023000042515	ROIS	2024000006177	Equipamento servizos sociais	2.805,75
2023000042518	SANTA COMBA	2024000006461	Equipamento servizos sociais	6.000,00
		2024000006450	Equipamento técnico asistencial	2.000,00
			TOTAL	**8.000,00**
2023000042522	TEO	2024000005170	Equipamento servizos sociais	17.500,00
2023000042527	VAL DO DUBRA	2024000005612	Equipamento servizos sociais	2.675,51
2023000042528	VALDOVIÑO	2024000004778	Equipamento técnico asistencial	3.500,00
2023000042530	VILARMAIOR	2024000003860	Equipamento servizos sociais	3.087,56
		TOTAL ACHEGA PARA GASTO INVESTIMENTO		**250.404,47 €**

CONDICIONADO A RATIFICACIÓN POLO PLENO

8.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar o proxecto "Aula da Natureza- Museo Etnográfico das Brañas de Valga" ano 2024

1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Apreciánse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- As actvidades propostas polo Concello de Mesia enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante do lugar co obxecto de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha grande variedade de actividades dirixidas, cada día, a toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha forma de aprender.

- Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste converter este lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outro novos organizando as seguintes actividades:

- Converter o lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outros novos.

- Achegar á poboación ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia.

- Posibilidade de visitas libres e visitas guiadas que poñen en valor os recursos culturais e naturais existentes.

- Contempla un uso educativo cara a formación de escolares no respecto ao medio ambiente e o seu coñecemento.

- Obradoiros e talleres para estudantes, dende infantil ata secundaria inclusive, espertando neles un interese cultural e medioambiental

- Exposicións e proxeccións relacionada coa temática da Aula da Natureza-Museo Etnográfico.

- Programa expositivo permanente e temporal.

- Asi mesmo pretende recuperar entornos danados e a posibilidade de convertelos en lugares de interese para a poboación que poderá achegarse ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia.

- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para financiar o proxecto "Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga" ano 2024 por importe de 60.000,00 € incluído no orzamento da Deputación para o 2024 e con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3336/46201, que representa un coeficiente de financiación do 73,38000 % con respecto a un orzamento de 81.766,15 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

Na Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Mesía

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA**, **CIF P1504800B**, para o financiamento das "*Actividades na aula da natureza- Museo Etnográfico das Brañas da Valga" ano 2024*.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	**65.412,92 €**
Peón de xardinería	23.028,12 €
Peón de xardinería	22.237,40 €
Monitor de tempo libre	20.147,40 €
GASTOS CORRENTES	**16.353,23 €**
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.200,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.926,95 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.828,19 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	1.075,77 €
Electricidade e teléfono	2.100,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	900,95 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.200,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.982,66 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade…	1.800,00 €
TOTAL	**81.766,15 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de 73,38000 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,38000% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o

importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3336/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MESIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MESIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro Lei de Protección de datos personales e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2024, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin**. O CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2025.**
2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de xuño de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN

COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE MESÍA

9.- Aprobación do proxecto da obra DP 1914 Carballo a Portomouro, Mellora de firme con MBQ, punto quilométrico 23+500 ao 26+500 (VAL DO DUBRA), incluído no Plan de Conservación 2024

1.- Aprobar o proxecto DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO. MELLORA DE FIRME CON MBQ PUNTO QUILOMÉTRICO 23+500 AO 26+500 (VAL DO DUBRA). que se integra no Plan de Acondicionamento - Conservación en Vías provinciais 2024, cun orzamento total de 446.599,60 €con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0037.0	DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO. MELLORA DE FIRME CON MBQ PUNTO QUILOMÉTRICO 23+500 AO 26+500 (VAL DO DUBRA).	Val do Dubra	446.599,60 €	5 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

10.- Aprobación do proxecto DP 5604 de Outes á Pereira por Pesadoira. Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente, punto quilométrico 19+240 ao 20+631 (SANTA COMBA), incluído no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024.

1.- APROBAR o proxecto DP 5604 DE OUTES Á PEREIRA POR PESADOIRA. MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE, PUNTO QUILOMÉTRICO 19+240 AO 20+631 (SANTA COMBA) que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2024, cun orzamento total de 133.570,19 € con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0003.0	DP 5604 DE OUTES Á PEREIRA POR PESADOIRA. MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE, PUNTO QUILOMÉTRICO 19+240 AO 20+631 (SANTA COMBA)	SANTA COMBA	133.570,19 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

11.- Aprobación do proxecto da obra DP 7304 Xarás a Olveira. Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente, punto quilométrico 0+000 ao 4+000 (RIBEIRA), incluído no Plan de Conservación 2024

1.- APROBAR o proxecto DP 7304 XARÁS A OLVEIRA. MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE, PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 4+000 (RIBEIRA) que se integra no Plan de Acondicionamento - Conservación de Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 450.593,47 € con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0038.0	**DP 7304 XARÁS A OLVEIRA. MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE, PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 4+000 (RIBEIRA)**	**RIBEIRA**	**450.593,47 €**	**5 Meses**

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

12.- Aprobación da modificación do acordo plenario número 16 de data 22 de decembro de 2023 relativo á aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2024 ata o día 31 de decembro de 2024, ao producirse un erro material na aplicación orzamentaria

Aprobar a modificación do acordo plenario número 16 de data 22 de decembro de 2023 relativo á aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2024 ata o día 31 de decembro de 2024, ao producirse un erro material na aplicación orzamentaria, no seguinte sentido:

ONDE DI:

2º.- A achega provincial ascende ao importe máximo de 500.000,00 euros, que serán imputables de conformidade ao seguinte desglose:

- Os custes de programación ata un máximo de 350.000,00 euros,serán imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/46201.

DEBE DICIR:

2º.- A achega provincial ascende ao importe máximo de 500.000,00 euros, que serán imputables de conformidade ao seguinte desglose:

- Os custes de programación ata un máximo de 350.000,00 euros,serán imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/22609.

En consecuencia o texto definitivo do acordo plenario é o que segue:

1º.- Aprobar a prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2024 ata o día 31 de decembro de 2024. A liquidación correspondente ao ano 2023 presentarase antes do 31 de marzo do 2024. O presente convenio extenderá a súa vixencia ata o día 30 de abril de 2025, para os efectos de aprobación da liquidación regulada na cláusula novena.

2º.- A achega provincial ascende ao importe máximo de 500.000,00 euros, que serán imputables de conformidade ao seguinte desglose:

- Os custes de programación ata un máximo de 350.000,00 euros,serán imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/22609.

- Os custes de mantenemento das instalacións que ascenden ata un máximo de 150.000,00 euros. serán imputables á aplicación orzamentaria 0420/3335/21200.

- Os custes por programación propia que teña que asumir a Deputación se imputarán á aplicación orzamentaria 0612/3335/22699

3º.- Condicionar a eficacia do convenio á aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2024. Asemade, condicionar o compromiso asumido para o ano 2025 (posible prórroga), á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios correspondentes.

13.- Aprobación da convalidación das actuacións do proxecto modificado das obras de reforma de rehabilitación do estadio municipal da Malata, obxeto dun convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o seu cofinanciamento

1. Convalidar as actuacións do proxecto modificado das obras de reforma de rehabilitación do estadio municipal da Malata, obxeto dun convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o seu cofinanciamento

2. Poñer de manifesto que a financiación é a inicialmente prevista, variando só a porcentaxe de financiación de maneira que o importe permanece invariable. Polo tanto, e dadas as circusntancias previamente establecidas, non procede a firma dun convenio.

14.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das obras de reforma do Xardín da Casa de Rosalía.

1.º.- Levantar o reparo **interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a** Fundación Rosalía de Castro **polo lo que se** instrumenta unha subvención nominativa **para o** financiamento das obras de reforma do Xardín da Casa de Rosalía, **e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.**

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e **a Fundación Rosalía de Castro** para o financiamento das obras de **"reforma do Xardín da Casa de Rosalía"** cunha achega provincial de **60.000,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0510/3339/781**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **75,000,00 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR AS OBRAS DE REFORMA DO XARDÍN DA CASA DE ROSALÍA

Na Coruña a …... de ……. de ……., na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Ante mín, ……., Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, …….., en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, ...……....…, en representación da Fundación Rosalía de Castro.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e

recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

O obxecto do presente convenio trátase dun proxecto de excepcional valor dada a importancia patrimonial (foi declarado Ben de Interese Cultural en 1974 no apartado de monumento histórico-artístico) e simbólica do conxunto da Casa-Museo e a súa Horta-Xardín. Visitada por máis de 20.000 persoas ao ano de máis de 20 países, a Casa de Rosalía é un epicentro cultural do país, que acolle ducias de actividades culturais ao ano, moitas das cales teñen lugar no Xardín da Casa. O Xardín é, en sí mesmo, un espazo de notable interese botánico que forma parte da Ruta das Camelias e posúe exemplares de indubidable valor, con rexistros monumentais e senlleiros, como a Figueira de Rosalía, da época da autora e declarada como Árbore Senlleira de Galicia; o Loureiro dos Poetas; o Ombú e a Eritrina, traídos pola emigración galega para a inauguración da Casa en 1971. E tamén con Plantas Memorables, como a Camelia Rosalía de Castro, entre outras. É tamén un proxecto urxente en canto á súa execución en tanto que as obras, a maioría delas de tipo botánico, só se poden levar adiante nun determinado periodo do ano (de febreiro a xuño-xullo)"

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Rosalía de Castro, ámbalas dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro, con CIF G15040850 para o financiamento da reforma do Xardín da Casa de Rosalía, tal como aparece definida a mesma no proxecto, redactado por Dona Carmen Morales Ardines, enxeñeira agrónoma Colexiada número G-859 e arquitecta de paisaxe.

2- A **Fundación Rosalía de Castro**, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execuxión das obras. Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do periodo de vixencia do convenio, a **Fundación Rosalía de Castro**, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desglósase co seguinte detalle:

OBRA REFORMA DO XARDÍN DA CASA DE ROSALÍA	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	52.086,95 €
GASTOS XERAIS (13%)	6.771,30 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	3.125,22 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	13.016,53 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	**75.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €,** que equivale ao 80,00 % de coeficiente de financiamento. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da obra, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (80,00 %) da cantidade efectivamente xustificada.

3. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75% do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

4. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

5. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3339/781**, do orzamento xeral para o 2024, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

   Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para

dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

6. A achega provincial é compatíble coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **Fundación Rosalía de Castro** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Se o importe das obras supera 40.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de alomenos 25 metros no que, sen prexuizo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. A achega da Deputación seralle abonada á **entidade beneficiaria** a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a **entidade beneficiaria** deberá achegar a seguinte documentación:

- Copia do contrato e do expediente de contratación

- Certificación de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista.
- Certificación de aprobación da mesma polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de cuenta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificiado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar:
   - Acta de recepción
   - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA
   - Reportaxe fotográfico das obras realizadas.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre a data da sinatura do convenio e o 12 de outubro de 2024.

2. Unha vez rematadas as obras, a **entidade beneficiaria** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **entidade beneficiaria** para que á presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **entidade beneficiaria** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **entidade beneficiaria** na documentación aportada.

E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste

convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A **entidade beneficiaria** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **entidade beneficiaira** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a **entidade beneficiara** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **entidade beneficiaria** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de

colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuizo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza Provincial Xeral de subvencións e transferencias (BOP número 36, do 24 de febreiro de 2021).

3. Para os supostos de retraso na adquisición ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP número 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á **entidade beneficiaria** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2024.**

2.Para o caso de que a **entidade beneficiaria** non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude motivada, co fin de que a

Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **entidade beneficiaria** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvenvión concedida e prevista moninativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

Logo de ver a primeira modificación das ditas Bases aprobada mediante acordo plenario desta deputación do 22 de decembro de 2023, que afecta á base 12.4 reguladora do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 destinada á regulación dos "gastos excluídos"

Logo de ver o texto íntegro das Bases modificadas que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245 do 27 de decembro de 2023

Logo de ver que no expediente de modificación de créditos 2/2024, aprobado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2024, se consigna a cantidade de 50.000.000,00 € para o financiamento do POS+ Adicional 2/2024 e POS+ Adicional 3/2024

Visto o texto das bases 13 e 14 e os correspondentes anexos, redactados para regular o POS+ Adicional 2/2024 e POS+ Adicional 3/2024 respectivamente

1.- Aprobar a segunda modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024, para engadir por unha banda a base 13 e os correspondentes anexos para regular o POS+ Adicional 2/2024, destinado ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles e gasto corrente, e por outra banda a base 14 e os correspondestes anexos para regular o POS+ Adicional 3/2024, destinado á redución da débeda que 76 concellos teñen con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans 2015 a 2023, ou para gasto corrente dos 17 concellos restantes, cuxos textos figuran como Anexos a este acordo.

A aprobación definitiva desta modificación das Bases queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2024, aprobado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2024, no que se consigna crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4592/46201, 0430/4592/76201 para o financiamento do POS+ Adicional 2/2024 e POS+ Adicional 3/2024.

2.- Dispor a exposición pública deste expediente e do texto completo das Bases modificadas mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

4.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

5.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.

Deputación DA CORUÑA

13.- POS+ADICIONAL 2/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES OU DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS DO EXERCICIO 2024

Esta base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+Adicional 2/2024 destinado aos 93 concellos da provincia, financiado cunha achega provincial total de 46.000.000,00 €, que se destina ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles ou dos gastos correntes dos concellos do exercicio 2024, segundo se detalla a continuación.

13.1.- OBXECTO

Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2024, de acordo cos importes mínimos e máximos que se indican na base 13.3.

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2024, segundo se definen na base 2.1 e concordantes.

- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da base 2.2 e concordantes.

13.2.- FINANCIAMENTO

O POS+Adicional 2/2024 finánciase cunha achega provincial total de 46.000.000,00 €, da que 24.000.000,00 € proceden do superávit de operacións non financeiras desta deputación e se destinan á realización de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, e 22.000.000,00 € proceden do remanente de tesourería para gastos xerais e se destinan ao financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2024 ou a máis investimentos financeiramente sostibles dos concellos.

No expediente de modificación de créditos 2/2024, aprobado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2024, consignouse a cantidade de 46.000.000,00 nas aplicacións orzamentarias 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 destinadas, respectivamente, ao financiamento dos gastos correntes e de investimentos financeiramente sostibles do POS+Adicional 2/2024. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do dito expediente de modificación de créditos. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

13.3.- DESTINATARIOS E ASIGNACIÓN DE FONDOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan das seguintes operacións:

Os **24.000.000,00 € procedentes do superávit de operacións non financeiras** distribúense do seguinte modo:

En primeiro lugar, segundo se indicaba na base 4.3 das reguladoras do POS+ 2024, a través deste Plan Adicional 2/2024 realízase o "**reinvestimento**", nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación, anulacións de investimentos ou economías de máis de 5.000,00 € do POS+ 2017 ao POS+2021, que non foron previamente reinvestidas, aclarándose agora que con cargo a esta achega provincial procedente do "reinvestimento", calquera que sexa o seu importe, unicamente poderán financiarse investimentos financeiramente sostibles, tanto os solicitados inicialmente no Plan Complementario como outros novos. Este reinvestimento afecta a 59 concellos e o seu importe total ascende a 7.428.512,74 €.

En segundo lugar, o **resto do superávit**, que ascende a 16.571.487,26 €, distribúese entre os 93 concellos da provincia aplicando os criterios de reparto do POS que se detallan na base 4.1, e tamén deberá destinarse unicamente a financiar investimentos financeiramente sostibles, tanto os solicitados inicialmente no Plan Complementario como outros novos.

Os 22.000.000,00 € procedentes do remanente de tesourería para gastos xerais distribúense entre os 93 concellos da provincia aplicando os criterios de reparto do POS que se detallan na base 4.1, e o concello poderá optar por destinar a achega provincial asignada a financiar ou ben os gastos correntes do concello do exercicio 2024, distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2024 base se así se solicitaron, ou ben investimentos financeiramente sostibles, tanto os solicitados inicialmente no Plan Complementario como outros novos.

As achegas provinciais asignadas aos concellos procedentes do "reinvestimento" e o resto das achegas asignadas neste Plan poderán sumarse para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles.

A cada concello detallaránselle os importes que proceden destas operacións, e polo tanto, o importe mínimo que debe destinar ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles e o importe máximo que pode destinar aos seus gastos correntes.

13.4.- SOLICITUDE E FASES

O POS+ Adicional 2/2024 aprobarase en dúas fases e o concello poderá participar nunha fase ou nas dúas:

Na 1ª fase incluiranse exclusivamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2024, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+ Adicional 2/2024 presentando a documentación que se indica máis adiante. O prazo de presentación da documentación desta primeira fase esténdese desde o 10 de xuño de 2024 ata as 15.00 horas do 28 de xuño de 2024.

Na 2ª fase incluirase o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios e os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2024, polo que deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante. O prazo de presentación de documentación desta segunda fase esténdese desde o 1 de xullo de 2024 ata as 15.00 horas do 13 de setembro de 2024.

13.4.1.- 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2024 UNICAMENTE PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES DO PLAN COMPLEMENTARIO

Os concellos que desexen financiar con cargo á 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024 investimentos financeiramente sostibles xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2024 deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 10 de xuño de 2024 ata as 15.00 horas do 28 de xuño de 2024, a seguinte documentación:

A.- ACORDO OU RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE (Anexo XII)

(Convocatoria POS+AD2a- SOLICITUDE 2024)

Tendo en conta que o Pleno dos concellos xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos ou Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

O Acordo ou Resolución do concello de aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 deberá indicar a denominación do investimento ou investimentos do Plan Complementario que solicita incluír neste Plan Adicional, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice ou o IVE deducible aplicable. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento. Empregarase o modelo que figura como modelo Anexo XII ás Bases.

B.- DECLARACIÓN DE ALCALDÍA SOBRE O PROXECTO E DEMAIS DOCUMENTACIÓN

(Anexo XXIII)

(Convocatoria POS+AD2a- OBRASSUM 2024)

Dado que se trata de investimentos aprobados no Plan Complementario ao POS+ 2024, cuxa documentación xa está subida na plataforma SUBTEL, unicamente é necesario que o concello presente un escrito asinado pola Alcaldía confirmando que o proxecto e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo que figura como modelo Anexo XXIII.

No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2024 estivese sometido a condicións que aínda non fosen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a inclusión do dito investimento neste Plan, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que esta deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

13.4.2.- 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2024 PARA GASTO CORRENTE OU INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 2/2024 gasto corrente de servizos públicos obrigatorios ou investimentos financeiramente sostibles deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 1 de xullo de 2024 ata as 15.00 horas do 13 de setembro de 2024, a seguinte documentación:

A.- CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE (Anexo XIII modificado)

(Convocatoria POS+AD2b- SOLICITUDE 2024)

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello, ou de quen corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando a inclusión nesta 2ª fase do POS+Adicional 2/2024 do gasto corrente de servizos públicos obrigatorios e/ou de investimentos financeiramente sostibles, segundo o modelo Anexo XIII modificado.

O acordo plenario deberá indicar a denominación dos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice ou o IVE deducible aplicable. No caso de realizar algunha achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento.

B.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2024 (Anexo III)

(Convocatoria POS+AD2b-GASTO CORRENTE 2024)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo III a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2024 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Deputación DA CORUÑA

Neste Anexo III deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial aplicada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

Do mesmo modo que se indicaba nas bases 2.1 e 5.B.1, o concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de só dous servizos públicos obrigatorios, aínda que tamén poderá aplicalo a máis servizos xustificando a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous para utilizar a achega provincial asignada, incluíndo a motivación ao final do dito Anexo III.

No caso de que o Anexo III presentado polo concello na convocatoria do Plan Base POS+gasto corrente 2024 xa inclúa unha previsión de gastos correntes por un importe **superior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2024 Base, POS+Adicional 2/2024, e de ser o caso POS+Adicional 3/2024, o Anexo III que se presente para o POS+ Adicional 2/2024 poderá ser o mesmo que xa se presentou no POS+ Base 2024 e deberá subirse de novo como previsión nesta convocatoria.

No caso contrario, se o Anexo III presentado no Plan Base POS+ gasto corrente 2024 inclúe unha previsión de gastos correntes por un importe **inferior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2024 Base, POS+Adicional 2/2024 e, de ser o caso, POS+ Adicional 3/2024, deberá subirse para esta convocatoria un novo Anexo III que prevea obxectos distintos dos previstos para o POS+ Base 2024, ata alcanzar a achega provincial solicitada no POS+ Adicional 2/2024 e, de ser o caso, á suma do POS+Adicional 2/2024 e POS+Adicional 3/2024.

C.- PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES NON INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO (Documentación da base 5.B.2)

(Convocatoria POS+AD2b- OBRASSUM 2024)

Dado que se trata de novos investimentos financeiramente sostibles, o concello deberá subir á plataforma Subtel os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+2024 para os investimentos financeiramente sostibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuran na plataforma Subtel:

- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración, **que obrigatoriamente deberán adaptarse á estrutura que figura na base 5.B.2.1**
- Anexo V: Informe técnico sobre o investimento
- Anexo VI: Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible
- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento

Para o caso de que proceda, deberán subirse ademais os seguintes documentos:

- Anexo IX: Certificación do acordo ou resolución relativo á non división en lotes.
- Anexo Xa): Informe da Secretaría sobre investimentos relativos ao ciclo da auga.
- Anexo Xb): Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable

Lémbrase que son de aplicación neste apartado as consideracións contidas nas bases 2, 4, 5 e 7 relativas á realización de obras de abastecemento municipal de auga potable e o IVE deducible.

Deputación DA CORUÑA

13.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+Adicional 2/2024 en dúas fases partindo das solicitudes presentadas polos concellos.

A primeira fase do POS+ Adicional 2/2024 poderá ser aprobada mediante Resolución da Presidencia desta corporación provincial, xa que se trata de aplicar a nova achega provincial asignada aos concellos ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos financeiramente sostibles que os concellos teñen incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024.

A segunda fase do Plan, na que se incluirá o financiamento de gastos correntes e outros investimentos financeiramente sostibles, aprobarase mediante acordo plenario e seguiranse os trámites previstos na base 6.

A achega provincial destinada ao financiamento dos gastos correntes ten carácter de **prepagable** e pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo III. O seu pago e xustificación realizarase de acordo co previsto na base 9.1 relativa ao pago deste obxecto, empregando o Anexo IV.

A contratación e a execución dos investimentos financeiramente sostibles realizarase segundo o disposto nas bases 7, 8 e 9, aínda que o prazo previsto para a contratación rematará o 30 de novembro de 2025, e os prazos para a execución serán os previstos na base 8 aínda que poderán prorrogarse un ano máis.

A N E X O XIII modificado

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2024

2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2024

D. / Dna. _____

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello,na sesión realizada o día / /2024 adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2024"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)					
TOTAL					

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía,

en _____, _____ de _____ de dous mil vinte e catro.

V. pr.
A Alcaldía

ANEXO XXIII

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 2/2024

DECLARACIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O INVESTIMENTO PREVISTO NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+ 2024

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	

DECLARO QUE:

1.- Este concello confirma a inclusión no POS+ Adicional 2/2024 do investimento indicado, que xa figuraba incluído no POS+2024 Complementario aprobado con carácter de reserva, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- O proxecto da obra ou prego da subministración, e os demais documentos requiridos nas Bases, son os que este concello presentou no seu momento na convocatoria POS+ 2024 Complementario.

Deputación DA CORUÑA

14.- POS+ADICIONAL 3/2024 PARA A REDUCIÓN DA DÉBEDA QUE 76 CONCELLOS DA PROVINCIA TEÑEN CON ESTA DEPUTACIÓN POLA UTILIZACIÓN DE PRÉSTAMO PROVINCIAL NOS PLANS PAI 2015 E 2016 E POS+2017 A 2023 OU, NO CASO DOS 17 CONCELLOS SEN ESTA DÉBEDA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE 2024

Esta base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+Adicional 3/2024 destinado aos 93 concellos da provincia, financiado cunha achega provincial total de 4.000.000,00 € que se destina, por unha banda, á redución da débeda que 76 concellos da provincia teñen con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023, ou, no caso dos 17 concellos que non teñen esta débeda, para o financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2024.

14.1.- OBXECTO

Os concellos aplicarán a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2024:

- **Redución da débeda do concello coa deputación,** segundo se define na base 2.3 e concordantes.

Os 76 concellos que se relacionan na base 14.3, que teñen unha débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, deberán aplicar necesariamente a achega provincial asignada neste Plan á redución desta débeda.

- **Gastos correntes do concello do año 2024,** segundo se definen na base 2.1 e concordantes.

Os 17 concellos que se relacionan na base 14.3, que non teñen débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans indicados, poderán destinar a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes do ano 2024.

14.2.- FINANCIAMENTO

O POS+Adicional 3/2024 finánciase cunha achega provincial total de 4.000.000,00 €, que proceden do remanente de tesourería para gastos xerais, e se destinan á redución da débeda de 76 concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023 ou, para os 17 concellos restantes, ao financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2024.

No expediente de modificación de créditos 2/2024, aprobado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2024, consignouse a cantidade de 4.000.000,00 € na aplicación orzamentaria 0430/4592/46201 para o financiamento no POS+ Adicional 3/2024 destinado á redución da débeda dos concellos coa deputación ou dos seus gastos correntes. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do dito expediente de modificación de créditos. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

14.3.- DESTINATARIOS E ASIGNACIÓN DE FONDOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios de reparto do POS que se detallan na base 4.1.

Os 76 concellos que a continuación se indican, que teñen unha débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, deberán aplicar necesariamente a achega provincial asignada neste Plan á redución desta débeda.

76 CONCELLOS CON DÉBEDA COA DEPUTACIÓN POR PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PAI E POS+			
Abegondo	Corcubión	Muros	Rois
Ames	Coristanco	Narón	Sada
Ares	Coruña (A)	Neda	San Sadurniño
Arzúa	Culleredo	Negreira	Santa Comba
Baña (A)	Dodro	Noia	Santiago de C.
Betanzos	Dumbría	Oleiros	Santiso
Boiro	Fene	Ordes	Somozas (As)
Boqueixón	Ferrol	Oroso	Teo
Brión	Fisterra	Ortigueira	Toques
Cabana de Bergantiños	Frades	Outes	Tordoia
Cabanas	Laxe	Padrón	Touro
Camariñas	Laracha (A)	Pino (O)	Trazo
Cambre	Lousame	Pobra do Caramiñal (A)	Valdoviño
Carballo	Malpica de Bergantiños	Ponteceso	Val do Dubra
Carnota	Mañón	Pontedeume	Vedra
Carral	Melide	Pontes de G. R (As)	Vilasantar
Cedeira	Miño	Porto do Son	Vimianzo
Cerceda	Moeche	Rianxo	Cariño
Coirós	Monfero	Ribeira	Oza-Cesuras

Os 17 concellos restantes que a continuación se indican, que non teñen débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans indicados, poderán destinar a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes do concello do ano 2024.

17 CONCELLOS SEN DÉBEDA COA DEPUTACIÓN			
Aranga	Cee	Mesía	Vilarmaior
Arteixo	Cerdido	Mugardos	Zas
Bergondo	Curtis	Muxía	
Boimorto	Irixoa	Paderne	
Capela (A)	Mazaricos	Sobrado	

14.4.- SOLICITUDE

O concello poderá participar neste Plan presentando a documentación que a continuación se indica, no prazo de presentación de solicitudes que se estende desde o 1 de xullo de 2024 ata as 15.00 horas do 13 de setembro de 2024.

Deputación DA CORUÑA

A.- SOLICITUDE

(Convocatoria POS+AD3 -SOLICITUDE 2024)

(76 concellos indicados na base 14.3)

A.1.- OFICIO DA ALCALDÍA COMUNICANDO A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN (Anexo XXIV)

Oficio da alcaldía comunicando que o concello presenta o informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención no que se indica o importe de achega provincial asignada no POS+Adicional 3/2024 que se aplica á redución da débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023, segundo o modelo Anexo XXIV.

(17 concellos indicados na base 14.3)

A.2 - CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE (Anexo XXV)

Certificación do acordo adoptado polo Pleno do concello, ou de quen corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando o financiamento con cargo ao POS+Adicional 3/2024 dos seus gastos correntes do exercicio 2024, segundo o modelo Anexo XXV ás Bases.

(76 concellos indicados na base 14.3)

B.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE A REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN RELATIVA AO PRÉSTAMO PROVINCIAL (Anexo XXVI)

(Convocatoria POS+AD3 -REDUCIÓNDÉBEDADP 2024)

Informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención no que se indique o importe de achega provincial asignada neste Plan que se aplica a esta finalidade, segundo o modelo Anexo XXVI.

O concello unicamente deberá indicar o importe total da achega provincial asignada que aplica a esta finalidade, non sendo necesario especificar o Plan concreto, posto que esta deputación a aplicará a minorar, en primeiro lugar, ao préstamo provincial do Plan máis antigo, e dentro deste, primeiro ao que foi destinado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e, posteriormente, ao que foi destinado ao financiamento de investimentos.

(17 concellos indicados na base 14.3)

C.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2024 (Anexo III)

(Convocatoria POS+AD3-GASTO CORRENTE 2024)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo III a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2024 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Neste Anexo III deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial aplicada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

Do mesmo modo que se indicaba nas bases 2.1 e 5.B.1, o concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de só dous servizos públicos obrigatorios, aínda que tamén poderá aplicalo a máis servizos xustificando a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous para utilizar a achega provincial asignada, incluíndo a motivación ao final do dito Anexo III.

No caso de que o Anexo III presentado polo concello na convocatoria do Plan Base POS+gasto corrente 2024 xa inclúa unha previsión de gastos correntes por un importe **superior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2024 Base, POS+Adicional 3/2024, e de ser o caso POS+Adicional 2/2024, o Anexo III que se presente para o POS+ Adicional 3/2024 poderá ser o mesmo que xa se presentou no POS+ Base 2024 e deberá subirse de novo como previsión nesta convocatoria.

No caso contrario, se o Anexo III presentado no Plan Base POS+ gasto corrente 2024 inclúe unha previsión de gastos correntes por un importe **inferior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2024 Base, POS+Adicional 3/2024 e, de ser o caso, POS+ Adicional 2/2024, deberá subirse para esta convocatoria un novo Anexo III que prevea obxectos distintos dos previstos para o POS+ Base 2024, ata alcanzar a achega provincial solicitada no POS+ Adicional 3/2024 e, de ser o caso, á suma do POS+Adicional 2/2024 e POS+Adicional 3/2024.

14.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación aprobará o POS+Adicional 3/2024 partindo das solicitudes presentadas polos concellos.

En relación coa **redución da débeda** dos concellos coa deputación orixinada pola utilización de préstamo provincial, a deputación realizará as operacións contables e orzamentarias que sexan precisas, minorando en primeiro lugar a correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar á aplicada a minorar a débeda do concello con entidades financeiras e posteriormente á aplicada ao financiamento de investimentos.

En relación coa achega provincial destinada ao financiamento dos **gastos correntes**, dado que segundo o disposto na base 9.1 ten carácter de prepagable, pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo III. O seu pago e xustificación realizarase de acordo co previsto na dita base 9.1 relativa ao pago deste obxecto, empregando o Anexo IV.

A N E X O XXIV

OFICIO DA ALCALDÍA COMUNICANDO A PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

POS+ ADICIONAL 3/2024

CONCELLO DE	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA	

Este concello comunica a súa participación no POS+ Adicional 3/2024 e presenta o informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención no que se indica o importe de achega provincial asignada no POS+Adicional 3/2024 que se aplica á redución da débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023,

A N E X O XXV

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ ADICIONAL 3/2024

D. / Dna. _____

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello,na sesión realizada o día / /2024 adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 3/2024"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Financiamento de gastos correntes:
(17 concellos indicados na base 14.3)

Gastos correntes 2024	**Asignación POS+ Ad 3/2024 aplicada**
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	

2.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía,

en _____, ____ de _____ de dous mil vinte e catro.

V. pr.
A Alcaldía

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
POS+ADICIONAL 3/2024

ANEXO XXVI

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE O IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL APLICADA Á REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN RELATIVA AO PRÉSTAMO PROVINCIAL

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 14 das reguladoras do Plan, emítese este informe sobre o importe da achega provincial aplicada á redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI 2015 e 2016) e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+ 2017 a 2023).

O concello unicamente deberá indicar o importe total da achega provincial asignada ao concello neste Plan que aplica a este obxecto, non sendo necesario especificar o Plan concreto, posto que esta deputación a aplicará a minorar, en primeiro lugar, o préstamo provincial do Plan máis antigo, e dentro deste, primeiro o que foi destinado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e, posteriormente, o que foi destinado ao financiamento de investimentos.

	Asignación POS+ Ad 3/2024 aplicada
Total redución da débeda do concello coa deputación	**€**

21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da rede viaria nos lugares de Penateixa (A Gándara), O Formigueiro (Senra) e Cas e Casas Novas (Os Ánxeles)" do Concello de Oroso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2000.0194.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Oroso do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da rede viaria nos lugares de Penateixa (A Gándara), O Formigueiro (Senra) e Cas e Casas Novas (Os Ánxeles)”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023, co código 2022.2000.0194.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 26 de maio do 2023, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario

Logo de aprobar o concello de Oroso un proxecto modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, con diminución do seu orzamento de contrata na cantidade de 1.201,64 €, que foi asinado dixitalmente o día 22 de decembro de 2023 pola arquitecta técnica municipal Yolanda García Fachal.

Logo de achegar o concello as autorizacións necesarias para a realización da obra, concedidas polas diferentes administracións e máis o informe do arquitecto municipal, Manuel Suárez Bermúdez, do día 15 de abril de 2024, onde se indica que o proxecto modificado cumpre con todas as condicións esixidas nas ditas autorizacións concedidas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da rede viaria nos lugares de Penateixa (A Gándara), O Formigueiro (Senra) e Cas e Casas Novas (Os Ánxeles)”, do Concello de Oroso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0194.0, asinado o día 22 de decembro de 2023 pola arquitecta técnica municipal Yolanda García Fachal, que foi modificado debido a circunstancias sobrevidas polo paso do tempo, que fixeron que determinados viais que non estaban incluídos nas actuacións do primeiro proxecto e que son moi transitados, se atopen nun estado moi deteriorado e necesiten unha pronta reparación, sendo o seu orzamento de contrata de 107.135,53 €, o que supón unha diminución do mesmo na cantidade de 1.201,64 €. Este proxecto modificado é financiado integramente pola deputación, tal e como se indica na

seguinte táboa:

Concello de Oroso Mellora da rede viaria nos lugares de Penateixa (A Gándara), O Formigueiro (Senra) e Cas e Casas Novas (Os Ánxeles) 2023.2000.0194.0	**PROXECTO INICIAL**	**PROXECTO MODIFICADO**	**DIFERENZA**
Deputación	108.337,17	107.135,53	-1.201,64
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	**108.337,17**	**107.135,53**	**-1.201,64**

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oroso para os efectos oportunos.

22.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación e sinalización de viais de comunicación nos lugares de Outeiro e Boaña de Abaixo" do Concello de Santa Comba, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0269.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación e sinalización de viais de comunicación nos lugares de Outeiro e Boaña de Abaixo", do Concello de Santa Comba, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0269.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento do Concello de Santa Comba cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
Santa Comba	2021.2000.0269.0	Pavimentación e sinalización de viais de comunicación nos lugares de Outeiro e Boaña de Abaixo	239.856,36	23.658,32	263.514,68	Autorización de Augas de Galicia

Logo de ver que mediante Resolución de Presidencia desta deputación número 5171 de 27 de xaneiro de 2022, levantouse a condición á que quedou sometido este investimento e aprobouse definitivamente dentro do Plan, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento

Logo de aprobar o Concello de Santa Comba un proxecto técnico modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, asinado dixitalmente o 1 de setembro de 2022 polo enxeñeiro técnico de obras públicas, Víctor Domínguez Serantes, cun orzamento de contrata de 263.514,68 €, idéntico ao do proxecto inicialmente aprobado, e de achegar as autorizacións do Servizo de Vías e Obras desta deputación, de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural necesarias para a realización da obra, así como os informes técnicos necesarios

Logo de ver que consta no expediente o informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación de data 18 de novembro de 2022

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación e sinalización de viais de comunicación nos lugares de Outeiro e Boaña de Abaixo”, do Concello de Santa Comba, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0269.0, asinado dixitalmente o 1 de setembro de 2022, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, cun orzamento de contrata de 263.514,68 €, que ten concedidas as autorizacións necesarias para a súa realización e conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica desta deputación. Este proxecto técnico modificado supón unha variación das súas partidas e das súas actuacións, xa que unha parte do proxecto, localizada na zona de Outeiro foi arranxada polo concello, puidéndose emplear os seus recursos noutras zonas máis deterioradas, ampliando incluso a área de actuación, e o seu financiamento queda como se indica na seguinte táboa:

Concello de Santa Comba Pavimentación e sinalización de viais de comunicación nos lugares de Outeiro e Boaña de Abaixo Código 2021.2000.0269.0	**PROXECTO INICIAL**	**PROXECTO MODIFICADO**
Deputación	239.856,36	239.856,36
Concello	23.658,32	23.658,32
Total	**263.514,68**	**263.514,68**

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Santa Comba para os efectos oportunos.

23.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a abril de 2024.

PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, do mes de abril de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, no mes de abril de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.

24.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao primeiro trimestre de 2024.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao primeiro trimestre de 2024, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

25.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2024 e proxección a 31/12/2024.

PRIMEIRO.- Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31 de marzo de 2024, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación da estabilidade orzamentaria obtéñense os resultados que se recollen no anexo I e que supoñen o previsible incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao longo do exercicio, coas estimacións deducidas do presente expediente, por importe de 11.168.003,40 € tal e como se recolle no citado Anexo I.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2024, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con remanente de tesourería do exercicio 2023 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

En todo caso tomarase en consideración a causa do incumprimento citado e a situación económico-financeira xeral da Deputación e os restantes elementos descritos no apartado 2 do artigo 21 da reiterada LOEPeSF.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

26.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2024 de aprobación polo Pleno.

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2024 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 1.061.132,68 € que ofrece o seguinte resumo:

1. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento): **A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

CE. Créditos extraordinarios:	750.000,00	Remanente de Tesourería:	1.061.132,68
SC. Suplementos de crédito:	311.132,68		
Total aumentos:	**1.061.132,68**	**Total financiamento:**	**1.061.132,68**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	61.132,68	0,00
2 Gastos correntes	0,00	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00
4 Trans. Correntes	250.000,00	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	0,00	0,00
7 Trans. de capital	750.000,00	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	**1.061.132,68**	**0,00**

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	1.061.132,68
9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	**1.061.132,68**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do

citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2023 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta

institución (nº 45/2018, sobre *"Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas"*, de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

27.- Aprobación da modificación das Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

O texto ata agora vixente das Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia foi publicado no BOP nº 209, do 3 de novembro de 2021.

Nos últimos anos, os Concellos usuarios dos Servizos Tributarios veñen manifestando o seu interese en delegar tamén na Deputación da Coruña as facultades de inspección en materia do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), así como da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, que o complementa.

Co ánimo de seguir prestando o máximo apoio e colaboración aos Concellos da provincia, en aplicación do disposto nos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, é preciso incorporar estas dúas novas facultades dentro do contido opcional que pode ser delegado.

Así mesmo, é preciso actualizar certa lexislación que se menciona e suprimir todo o relativo ao importe da taxa, por estar xa regulado na Ordenanza Fiscal número 5.

Por estas razóns proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes modificacións das Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia:

1ª) BASE SEGUNDA: Réxime Xurídico.

Actualízase a lexislación aplicable na materia, de tal xeito que se modifican as letras a), b), c), d), e), f), g), h) e i) e se suprimen as letras d) e j), alterándose consecuentemente a orde correlativa das mesmas. De este xeito, a Base queda coa seguinte redacción:

"O exercicio das competencias en materia tributaria delegadas polos concellos rexerase, en primeiro termo, polo disposto nas presentes Bases e ademais por:

a) O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

b) A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

c) A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

d) O Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

e) O Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

f) O Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

g) O Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

h) A Ordenanza fiscal xeral da Deputación Provincial da Coruña.

i) As normas que desenvolvan, complementen ou modifiquen as anteriores.

j) As demais normas de obrigada aplicación á materia".

2ª) BASE TERCEIRA: Contido e alcance da delegación.

Engádese unha letra h) e un novo parágrafo a continuación, no punto 2. Contido opcional, co seguinte texto:

h) "Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos."

3ª) BASE CUARTA: Colaboración dos Concellos.

Modifícase a Base Cuarta coa redacción seguinte:

"De conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 8 do Real decreto lexislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido Lei reguladora das facendas locais, e co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas á Deputación, os concellos deberán prestar a esta a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pago ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.

Pór ao dispor dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que as desenvolvan.

A exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.

Informar dentro do prazo, nos expedientes de solicitude de aprazamento ou fraccionamento de pago e noutros en que se lles solicite.

No caso do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, as entidades delegantes comprométense á remisión anual, mediante os ficheiros de intercambio que se establezan, da seguinte información: a) Relación das licenzas de obra ou urbanísticas

autorizadas no municipio en cada exercicio e das declaracións responsables ou comunicacións previas; b) Relación das liquidacións provisionais do imposto realizadas en cada exercicio; c) Relación das licenzas de ocupación outorgadas en cada exercicio; d) A data final da obra.

Os concellos ou outros entes locais poderán formalizar convenios coa Deputación provincial co fin de colaborar con esta na inspección do Imposto sobre actividades económicas e de calquera outro tributo ou ingreso de dereito público nos que o ente local asuma entre outras funcións as de:

1) Colaborar, mediante traballos desenvolvidos por funcionario público, na realización de visitas de inspección tributaria e emisión de informes de tipo técnico, nas actuacións que o esixan, nos expedientes tramitados no marco do convenio de colaboración e sempre dentro das súas competencias, podendo desenvolver as tarefas non reservadas legalmente aos funcionarios mediante os contratos de servizos previstos na lexislación de contratos do sector público.

2) Estas funcións consistirán, entre outras, en propoñer actuacións á Deputación, recollida de documentación e información aos obrigados tributarios, control dos requirimentos non atendidos ou atendidos dun xeito incompleto ou incorrecto, actuacións no local onde se desenvolve a actividade, elaboración de modelos e realización de tarefas administrativas, informáticas, etc., baixo a dirección da Unidade de Inspección da Deputación ou do servizo provincial que corresponda".

4ª) BASE QUINTA: Subministración de información aos Concellos.

Suprímese o segundo parágrafo e modifícase o último da Base Quinta, quedando redactado do seguinte xeito:

"A Deputación establecerá un procedemento informático que permita aos concellos que deleguen competencias tributarias facer un seguimento global da xestión que realicen os distintos servizos tributarios da Deputación, así como o acceso ás bases de datos dos devanditos servizos para obter a información individualizada que cada concello precise para o exercicio das súas funcións, todo iso dentro do marco definido polo Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, das normas xerais que as desenvolvan e da normativa específica que no seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación".

5ª) BASE SEXTA. Taxas por prestación de servizos delegados.

Modifícase a Base Sexta, resultando a seguinte redacción:

"As taxas a abonar polos concellos que deleguen competencias serán recollidas na Ordenanza fiscal número 5 da Deputación".

En consecuencia, o texto íntegro das Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia pasa a ser o seguinte:

BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA

PRIMEIRA. OBXECTO DA DELEGACIÓN.

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa, as competencias en materia tributaria que se concretan máis adiante, en relación con tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter municipal, mediante a adhesión particular e expresa do concello titular dos mesmos ás presentes Bases.

SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO.

O exercicio das competencias en materia tributaria delegadas polos concellos rexerase, en primeiro termo, polo disposto nas presentes Bases e ademais por:

a) O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

b) A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

c) A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

d) O Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

e) O Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

f) O Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

g) O Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

h) A Ordenanza fiscal xeral da Deputación Provincial da Coruña.

i) As normas que desenvolvan, complementen ou modifiquen as anteriores.

j) As demais normas de obrigada aplicación á materia.

TERCEIRA. CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.

1. Contido mínimo.

Os concellos que desexen delegar na Deputación competencias en materia tributaria deberán delegar, polo menos, as seguintes:

a) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre bens inmobles ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

b) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección e establecer con esta Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.

c) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, agás que o impidan compromisos ineludibles adquiridos con anterioridade polo Concello ou este xestione o tributo directamente e non desexe delegalo.

2. Contido opcional.

Os concellos que deleguen o contido mínimo poderán, ademais, delegar na Deputación calquera das seguintes competencias:

a) A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre bens inmobles.

b) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

c) Recadación voluntaria e executiva de taxas e prezos públicos de notificación colectiva mediante padrón e cuxo cobro se realice por trimestres ou períodos superiores.

O acordo de delegación deberá detallar os conceptos concretos aos que afectará.

Os padróns anuais poderán fraccionarse en dúas cotas semestrais, sempre que o concello recolla esta circunstancia na ordenanza fiscal correspondente.

En calquera caso, a determinación dos períodos de cobranza será competencia da Deputación.

d) Recadación voluntaria e executiva de tributos, prezos públicos, sancións ou outros ingresos municipais de dereito público, de carácter non periódico.

O acordo de delegación deberá detallar os conceptos concretos aos que afectará.

e) Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

f) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

A delegación afectará tanto o suposto xeral baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal como ao suposto especial da telefonía móbil.

g) Xestión e recadación voluntaria e executiva dos ingresos de dereito público que resulten da instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados do control financeiro realizado pola Deputación como consecuencia da delegación desta función.

h) Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que puidesen derivarse dos devanditos procedementos.

Durante o período de vixencia da delegación, os concellos que o desexen poderán ampliar o contido da mesma, dentro do marco establecido nesta Base. Para iso, deberá seguirse o mesmo procedemento de tramitación utilizado inicialmente. Esta ampliación

terá efectos dende a data da súa aceptación pola Deputación ata a finalización da vixencia da delegación inicial.

3. Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias en cada caso.

En particular, será competencia da Deputación o exercicio das seguintes funcións:

1) Tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e fraccionamentos de pago.

2) Declaración de insolvencias e de créditos incobrables.

3) Representación dos concellos nos procedementos concursais nos que resulte afectado algún expediente executivo.

4. Avocación.

Os concellos poderán avocar para eles, mediante comunicación escrita e razoada dirixida á Deputación, a tramitación de determinados expedientes recadatorios en curso, debido a circunstancias tales como a repercusión económica ou social que a súa execución poida ter no municipio.

Neste suposto, a Deputación formulará baixa das liquidacións afectadas e quedará exenta de calquera responsabilidade que puidese producirse no futuro con respecto ás mesmas. As ditas liquidacións non poderán ser cargadas de novo á Deputación para continuación do procedemento.

CUARTA. COLABORACIÓN DOS CONCELLOS.

De conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 8 do Real decreto lexislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido Lei reguladora das facendas locais, e co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas á Deputación, os concellos deberán prestar a esta a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pago ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.

Pór ao dispor dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que as desenvolvan.

A exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.

Informar dentro do prazo, nos expedientes de solicitude de aprazamento ou fraccionamento de pago e noutros en que se lles solicite.

No caso do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, as entidades delegantes comprométense á remisión anual, mediante os ficheiros de intercambio que se establezan, da seguinte información: a) Relación das licenzas de obra ou urbanísticas autorizadas no municipio en cada exercicio e das declaracións responsables ou comunicacións previas; b) Relación das liquidacións provisionais do imposto realizadas en cada exercicio; c) Relación das licenzas de ocupación outorgadas en cada exercicio; d) A data final da obra.

Os concellos ou outros entes locais poderán formalizar convenios coa Deputación provincial co fin de colaborar con esta na inspección do Imposto sobre actividades económicas e de calquera outro tributo ou ingreso de dereito público nos que o ente local asuma entre outras funcións as de:

1) Colaborar, mediante traballos desenvolvidos por funcionario público, na realización de visitas de inspección tributaria e emisión de informes de tipo técnico, nas actuacións que o esixan, nos expedientes tramitados no marco do convenio de colaboración e sempre dentro das súas competencias, podendo desenvolver as tarefas non reservadas legalmente aos funcionarios mediante os contratos de servizos previstos na lexislación de contratos do sector público.

2) Estas funcións consistirán, ente outras, en propoñer actuacións á Deputación, recollida de documentación e información aos obrigados tributarios, control dos requirimentos non atendidos ou atendidos dun xeito incompleto ou incorrecto, actuacións no local onde se desenvolve a actividade, elaboración de modelos e realización de tarefas administrativas, informáticas, etc., baixo a dirección da Unidade de Inspección da Deputación ou do servizo provincial que corresponda.

QUINTA. SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN AOS CONCELLOS.

No primeiro semestre do exercicio seguinte, a Deputación enviará aos concellos os estados demostrativos da xestión recadatoria do exercicio anterior, para a súa conformidade ou reparos. A facturación e xustificantes que dan orixe aos estados demostrativos será posta ao dispor dos concellos para o seu exame nas oficinas centrais do Servizo de Recadación, dado o elevado volume da documentación; no en tanto, a solicitude do concello interesado, poderanse facilitar copias en casos concretos.

A Deputación establecerá un procedemento informático que permita aos concellos que deleguen competencias tributarias facer un seguimento global da xestión que realicen os distintos servizos tributarios da Deputación, así como o acceso ás bases de datos dos devanditos servizos para obter a información individualizada que cada concello precise para o exercicio das súas funcións, todo iso dentro do marco definido polo Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, das normas xerais que as desenvolvan e da normativa específica que no seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

SEXTA. TAXAS POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DELEGADOS.

As taxas a abonar polos concellos que deleguen competencias serán recollidas na Ordenanza fiscal número 5 da Deputación.

SÉTIMA. ENTREGAS A CONTA, LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS E LIQUIDACIÓN ANUAL DA RECADACIÓN.

1. Entregas a conta.

A Deputación realizará entregas mensuais a conta da recadación de cada exercicio dos tributos comprendidos no contido mínimo da delegación, así como da taxa por recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos a aqueles concellos que deleguen a súa recadación.

O importe das entregas a conta será do 98% da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para o exercicio polos tributos arriba mencionados, repartido en once mensualidades. Para o cálculo da recadación estimada teranse en conta as circunstancias particulares de cada concello e concepto.

No caso de que a Deputación tivese que realizar operacións de tesourería para atender ao pago das devanditas entregas a conta, estarase ao disposto no artigo 149.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Liquidacións provisionais.

Da recadación en período voluntario por liquidacións de contraído previo e ingreso directo, liquidacións de contraído simultáneo e autoliquidacións practicaranse liquidacións provisionais de periodicidade trimestral.

Coa mesma periodicidade, practicaranse liquidacións provisionais da recadación en período executivo.

3. Liquidación anual.

1. No mes de decembro, unha vez formalizados os ingresos en período voluntario procedentes das liquidacións de notificación colectiva, procederase a practicar un anticipo da liquidación anual.

2. No primeiro trimestre do exercicio seguinte, practicarase a liquidación anual e definitiva do exercicio anterior. O importe a entregar a cada concello calcularase deducindo da recadación íntegra os seguintes importes:

Entregas a conta, liquidacións provisionais e anticipo da liquidación definitiva.

Devolucións de ingresos indebidos.

Taxas por prestación dos servizos obxecto destas Bases.

Outros importes que procedan, relacionados coas competencias delegadas, debidamente xustificados.

Se a algún concello lle resultase unha liquidación definitiva con importe negativo, practicaránselle deducións nas posteriores entregas mensuais e anticipos da recadación.

OITAVA. VIXENCIA DA DELEGACIÓN.

A delegación polos concellos de competencias en materia tributaria na Deputación Provincial da Coruña que se regula nestas Bases entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2002 e terá un período de vixencia de 10 anos, contados a partir de dita data. No caso de que posteriormente algún concello acorde a súa adhesión ás presentes Bases, o período de vixencia da delegación de competencias será igualmente de 10 anos, contados a partir da

data de formalización do acordo e ata o 31 de decembro do ano no que se cumpra o dito período de vixencia.

Este prazo inicial de delegación poderá prorrogarse tacitamente por períodos iguais, se ningunha das partes comunica á outra, cun mínimo dun ano de antelación ao seu vencemento, o seu desexo de deixar sen efecto a delegación, o que deberá formalizarse polo mesmo órgano e procedemento que levou a cabo a delegación.

Nos casos daqueles concellos que, na mencionada data do 1 de xaneiro de 2002 tivesen aínda en vigor convenios de delegación de competencias en materia tributaria coa Deputación e non acepten as presentes Bases, seguiranse aplicando os ditos convenios, nos seus propios termos, ata a súa finalización.

No caso daqueles concellos que durante a vixencia das presentes Bases, acorden un novo período de delegación de dez anos contados a partir do fin da vixencia das mesmas, deberán acordar esta modificación cos mesmos trámites e procedemento establecido na Base Novena.

Cando dito acordo de delegación sexa definitivo e, por tanto, estean cumpridos todos os trámites establecidos na devandita Base Novena, farase efectivo a partir do mes seguinte con relación ao concello ou concellos que así o acorden, o previsto na Base Sétima no canto a que a porcentaxe das entregas a conta pasará do 80% ao 90% da recadación estimada de acordo cos criterios da dita Base.

A delegación da liquidación, recadación e revisión tanto en período voluntario como en período executivo dos ingresos de Dereito Público resultantes da delegación do control financeiro dos concellos e a correspondente instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados destes estará vixente mentres o estea a dita delegación do control financeiro na Deputación e en tanto non se culminen os procedementos de recadación afectados.

NOVENA. ACORDOS DE DELEGACIÓN E DE ACEPTACIÓN.

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación das competencias e funcións que se detallan nas presentes Bases será o seguinte:

1) Acordo provisional de delegación de competencias, adoptado polo Pleno do concello delegante.

2) Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un prazo mínimo de 30 días hábiles, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

3) Acordo adoptado polo Pleno do Concello delegante, resolvendo as alegacións recibidas ou elevando a definitivo o acordo provisional se non houbese ningunha.

4) Traslado do acordo definitivo da delegación á Deputación, mediante certificación expedida polo secretario do concello delegante.

5) Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, aceptando a delegación se o acordo municipal se axusta ás presentes Bases.

6) Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7.2 da Lei reguladora das facendas locais.

Os acordos municipal de adhesión e provincial de aceptación da delegación deberán estar definitivamente aprobados antes do 1 de xaneiro do ano seguinte ou, no seu caso, do exercicio en que deba entrar en vigor a mesma, para posibilitar así a elaboración pola Deputación dos padróns dos tributos que se recadan por ese sistema.

DÉCIMA. NORMAS DE DESENVOLVEMENTO.

Facúltase ao Presidente da Deputación para aprobar, mediante resolucións, as normas que fosen necesarias para o cumprimento e desenvolvemento das presentes Bases.

SEGUNDO.- Expor ao público o presente acordo durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, no taboleiro de anuncios desta Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Tamén deberá publicarse no portal de transparencia da Deputación, segundo o artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Realízase consulta previa de acordo co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se presenten reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno da Corporación, que adoptará o acordo definitivo que proceda.

Se non se presentase ningunha reclamación ou suxestión no período de información pública, o acordo inicial considerarase elevado automaticamente a definitivo sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

TERCEIRO .- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro do acordo definitivo que resulte, para a súa entrada en vigor.

28.- Aprobación da modificación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos.

O vixente Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos (en adiante, RXAF) foi aprobado polo Pleno da Corporación o 21 de decembro de 2021 e publicado, unha vez elevado a definitivo o dito acordo, no Boletín Oficial da Provincia número 47, do 10 de marzo de 2022. Posteriormente foi modificado novamente por acordo plenario de 9 de setembro de 2022 (BOP nº 218, de 17 de novembro).

A experiencia na aplicación deste Regulamento nestes dous anos recomenda facer certas modificacións no procedemento de outorgamento de aprazamentos e fraccionamentos. Trátase de facer máis simple a súa tramitación, facilitando e simplificando os trámites que deben facer os cidadáns. Cúmprese así co principio de eficacia administrativa que proclama o artigo 103.1 da Constitución, con sometemento pleno á lei e ao Dereito.

Polas razóns que se sinalan na exposición de motivos, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as modificacións dos artigos sinalados a continuación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos:

1: Modificación das letras a) e e) do apartado 1 do artigo 3 do Regulamento.

O artigo 3.1 do RXAF recolle as débedas que non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento.

Modifícase a ata agora sinalada como letra a), que recollía as multas por infracción da normativa de tráfico e seguridade viaria, no seu período voluntario de pago, como non fraccionables nin aprazables.

Modifícase a ata agora sinalada como letra e) no sentido de excluír de aprazamento ou fraccionamento só as débedas incluídas nun aprazamento ou fraccionamento que se denegase ou cancelase con anterioridade, debido ao incumprimento das obrigas do debedor.

Deste xeito, a redacción do artigo 3.1 do RXAF pasa a ser a seguinte:

1. "As seguintes débedas non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento:

a) As multas por infracción da normativa de tráfico e seguridade viaria, no seu período voluntario de pago con redución.

b) As débedas concursais e contra a masa.

c) As que no momento da presentación da solicitude non sexan esixibles por non estar aprobadas, por estar suspendidas, por non ter iniciado o seu período voluntario de pago ou por calquera outra causa obxectiva que impida a súa esixibilidade no momento da solicitude.

d) As que estiveran suspendidas con garantía na tramitación dun recurso ou reclamación e fosen confirmadas total ou parcialmente por resolución firme.

e) As incluídas nun aprazamento ou fraccionamento que se denegase ou cancelase con anterioridade, salvo que, no caso de solicitude de fraccionamento, se acreditase vontade de pago e mellora da súa situación económica".

2: Modificación do apartado 5 do artigo 3 do Regulamento.

A redacción do artigo 3.5 pasa a ser a seguinte:

5. "Os prazos mínimos e máximos de duración dos aprazamentos e fraccionamentos regularanse por Resolución da Presidencia".

3: Supresión do apartado 10 do artigo 3 do Regulamento.

Elimínase a obrigatoriedade de estar ao corrente, en consonancia co carácter potestativo do artigo 52.2 do Real Decreto 939/2005, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, segundo o cal: "De igual forma, poderá esixirse e condicionarse o mantemento e a eficacia do acordo de concesión do aprazamento ou fraccionamento a que o solicitante se encontre ao corrente das súas obrigas tributarias durante a vixencia do acordo".

4: Supresión do apartado 11 do artigo 3 do Regulamento.

En consonancia coa modificación do apartado 5 deste mesmo artigo, é preciso a supresión do apartado 11.

5: Modificación do artigo 7 do Regulamento.

A redacción do artigo 7 pasa a ser a seguinte:

"A solicitude deberá incluír, como mínimo, os seguintes datos indispensables:

1) Apelidos e nome ou razón social e Número de Identificación Fiscal (NIF) do debedor e, se é o caso, do seu representante.

2) Domicilio completo de notificación aos efectos da solicitude.

3) Identificación das débedas das que se solicita o aprazamento ou fraccionamento, así como o seu importe principal.

4) Data de vencemento do aprazamento ou número de fraccións do fraccionamento, segundo o caso, tendo en conta que son excluíntes un do outro. No caso de non indicarse un prazo ou número de fraccións, entenderase que se solicita polo prazo ou número de fraccións máximo que corresponda segundo a contía da débeda.

5) Autorización de domiciliación bancaria dos vencementos e Código Internacional de Identificación Bancaria (IBAN) da conta.

6) Lugar e data da solicitude.

7) Sinatura do debedor ou do seu representante.

8) Sinatura do titular da conta bancaria ou persoa autorizada nela.

A estes efectos, a Deputación poñerá a dispor dos contribuíntes os modelos oficiais correspondentes.

A solicitude suporá a autorización de calquera posible compensación, en consonancia co disposto no artigo 46.3 do Regulamento xeral de recadación".

6: Modificación do artigo 8 b) do Regulamento.

Suprímese o último parágrafo. A redacción do artigo 8 queda do seguinte xeito:

"A presentación da solicitude terá os seguintes efectos:

a) Respecto das débedas no período voluntario, a suspensión inmediata do procedemento recadatorio.

b) Respecto das débedas no período executivo, a suspensión das actuacións de embargo. Durante a tramitación da solicitude poderase ditar e notificar a providencia de prema, que nese caso terá efectos unicamente se o aprazamento ou fraccionamento resultase arquivado, denegado, non admitido ou cancelado".

7: Modificación do apartado 1.3. do artigo 9 do Regulamento.

Suprímese a esixencia de presentar determinados documentos para acreditar a condición de herdeiro. A redacción do artigo 9.1.3) pasa a ser a seguinte:

3) "Cando o solicitante sexa un herdeiro do debedor falecido, acreditación desta condición".

8: Modificación do apartado 1.4. do artigo 9 do Regulamento.

Suprímese a esixencia de que a autorización de cargo en conta deba axustarse ao modelo oficial aprobado ao efecto. A redacción do artigo 9.1.4) pasa a ser a seguinte:

4) "Cando non estea recollida na propia solicitude, autorización de cargo na conta bancaria, asinada polo titular da conta ou persoa autorizada nela"

9: Supresión do último parágrafo do apartado 1.5. do artigo 9 do Regulamento.

A redacción do artigo 9.1.5) pasa a ser a seguinte:

5)" Acreditación da titularidade da conta de cargo".

10: Modificación do apartado 4 do artigo 13.

A redacción do apartado 4 do artigo 13 pasa a ser a seguinte:

4."Cando a solicitude non comprenda a totalidade das débedas pendentes no período executivo, incorporaranse de oficio a totalidade destas e o expediente tramitarase pola totalidade das débedas".

11: Supresión do parágrafo terceiro do artigo 14 do Regulamento.

Suprímese o parágrafo terceiro do artigo 14 que facía referencia ao carácter de proba de existencia de dificultades económicas estruturais á reiteración de solicitudes de aprazamento.

En consecuencia, a redacción do artigo 14 pasa a ser a seguinte:

"Examinarase o cumprimento das obrigas tributarias do debedor, especialmente as relativas a outros aprazamentos ou fraccionamentos solicitados con anterioridade.

Teranse en conta as circunstancias que poidan indicar a existencia de dificultades estruturais, a falta de viabilidade da actividade económica ou a utilización indebida desta facilidade de pago, particularmente nas solicitudes presentadas sistematicamente, de prazos longos, con dispensa total ou parcial de garantías.

Cando corresponda, avaliarase a existencia das dificultades económico- financeiras

transitorias do debedor mediante a análise da documentación obrigatoria e, no seu caso, a complementaria achegada polo debedor voluntariamente ou previo requirimento.

Cando a exame da documentación achegada conclúa que a actividade económica do debedor ten moi difícil viabilidade, sen capacidade de xeración de ingresos para atender as obrigas derivadas da concesión do aprazamento ou fraccionamento, entenderase que as dificultades económico-financeiras do debedor son de carácter estrutural".

12: Supresión do artigo 19 do Regulamento.

O artigo 19 do Regulamento regulaba as medidas cautelares substitutivas da garantía. Neste punto, prefírese aplicar directamente o previsto polo Regulamento xeral de recadación neste tema.

13: Supresión do apartado 3 do artigo 21 do Regulamento.

A redacción do artigo 21 pasa a ser a seguinte:

1. "Unha vez realizados os trámites previos necesarios, formularase proposta de resolución.

Se o debedor solicitou a adopción de medidas cautelares en substitución da garantía, incluirase na proposta o pronunciamento motivado sobre a súa concesión ou denegación.

2. A proposta de concesión respectará os seguintes criterios:

1) Poderá sinalar, de forma motivada, condicións e prazos distintos dos propostos polo debedor, para que se axusten ao que se establece neste Regulamento.

2) Cando se propoña a concesión de dispensa parcial de garantías, deberá facerse constar que a garantía que se constitúa quedará afecta ao pago da totalidade das débedas do aprazamento ou fraccionamento.

3) Cando unha solicitude inclúa débedas tanto no período voluntario como no período executivo, os vencementos correspondentes ás débedas no período executivo deberán ser anteriores aos das débedas no período voluntario.

3. (Derrogado)"

14: Modificación do apartado 5 do artigo 27 do Regulamento.

Como consecuencia da modificación do apartado 1.4 do artigo 9 do Regulamento, relativo á autorización de cargo en conta, é preciso modificar este artigo no sentido seguinte:

5. "A solicitude de modificación da conta de cargo deberá materializarse nunha nova autorización de cargo na conta bancaria, asinada polo titular da mesma ou persoa autorizada nela. Deberá presentarse cunha antelación mínima de cinco (5) días respecto da data de vencemento na que se pretenda que comece a ter efectos. Non será preciso ditar resolución de aceptación desta modificación".

15: Supresión do apartado 6 do artigo 43.1 do Regulamento.

Como consecuencia da modificación do apartado 1.e) do artigo 3 do Regulamento, que regula un dos supostos de débedas excluídas da posibilidade de aprazamento ou fraccionamento, é preciso suprimir o apartado 6 do artigo 43.1.

Deste modo, a redacción do artigo 43.1 do Regulamento quedará do seguinte xeito:

1. "Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período voluntario e non se trata do último ou único vencemento, iniciarase o período executivo respecto do dito vencemento e formularase requirimento de pago polos seguintes conceptos:

1) Importe do vencemento non pagado, incluídos os xuros de mora.

2) Recarga executiva do cinco por cento (5%), calculada sobre o importe do vencemento non pagado.

O ingreso deberá realizarse no prazo sinalado no artigo 62.5 da Lei xeral tributaria.

De non realizarse o ingreso nese prazo, as consecuencias serán as seguintes:

1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o fraccionamento.

2) Iniciarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.

3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.

4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.

5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e ditarase resolución de non admisión dos que estivesen tramitándose.

6) (Derrogado)".

16: Supresión do apartado 6 do artigo 43.2 do Regulamento.

Como consecuencia da modificación do apartado 1.e) do artigo 3 do Regulamento, que regula un dos supostos de débedas excluídas da posibilidade de aprazamento ou fraccionamento, é preciso suprimir o apartado 6 do artigo 43.2.

Deste modo, a redacción do artigo 43.2 do Regulamento quedará do seguinte xeito:

2. "Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período executivo ou se trata do último ou único vencemento:

1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o aprazamento ou fraccionamento.

2) Iniciarase ou continuarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.

3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.

4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.

5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e denegaranse os que estivesen tramitándose.

6) (Derrogado)".

17: Supresión do apartado 7 do artigo 44 do Regulamento.

Como consecuencia da modificación do apartado 1.e) do artigo 3 do Regulamento, que regula un dos supostos de débedas excluídas da posibilidade de aprazamento ou fraccionamento, é preciso suprimir o apartado 7 do artigo 44.

Deste modo, a redacción do artigo 44 do Regulamento quedará do seguinte xeito:

"O incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos acordados, establecidas neste Regulamento ou na resolución de concesión, terá as seguintes consecuencias:

1) A denegación do aprazamento ou fraccionamento, se estaba en trámite.

2) A cancelación do aprazamento ou fraccionamento, se xa estaba concedido.

A desistencia sen pago será posible unicamente antes da notificación da resolución. Suporá o arquivo da solicitude, que se considerará non presentada. Non será necesaria a comunicación ao debedor.

Liquidaranse os xuros que procedan en cada suposto, conforme co establecido neste Regulamento.

Artigo 26.- Arquivo

1. O arquivo da solicitude nos supostos contemplados neste Regulamento terá as consecuencias seguintes:

1) O levantamento da suspensión das débedas.

2) A continuación do procedemento recadatorio.

3) A solicitude considerarase non presentada.

2. Agás nos supostos nos que se establece expresamente o contrario neste Regulamento, o arquivo será comunicado ao debedor para os únicos efectos informativos, sen que poida ser obxecto de recurso.

CAPÍTULO 6º. RECONSIDERACIÓN

Artigo 27.- Modificación das condicións acordadas

1. Se unha vez concedido un aprazamento ou fraccionamento o debedor solicitase unha modificación das súas condicións, a dita solicitude non suspenderá a execución do aprazamento ou fraccionamento xa concedido.

2. Se a modificación é concordante co establecido neste Regulamento, procederase á anulación do aprazamento ou fraccionamento inicialmente concedido e á tramitación dun novo expediente, mantendo os efectos da suspensión realizada como consecuencia da primeira solicitude.

No entanto, cando a modificación consista na ampliación da débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento tramitarase un novo expediente pola débeda ampliada, sen anular o expediente inicial.

3. A modificación terá efectos dende a data de notificación da nova resolución e estará condicionada, no seu caso, á achega ou actualización da garantía.

4. Calquera modificación das condicións do aprazamento ou fraccionamento deberá ter en conta que, consideradas en conxunto as condicións do aprazamento ou fraccionamento inicialmente concedido e as do novo, non poderán superar as limitacións establecidas neste Regulamento respecto do número total de fraccións ou do tempo máximo de aprazamento ou fraccionamento.

5. A solicitude de modificación da conta de cargo deberá materializarse nunha nova autorización de cargo na conta bancaria, asinada polo titular da mesma ou persoa autorizada nela. Deberá presentarse cunha antelación mínima de cinco (5) días respecto da data de vencemento na que se pretenda que comece a ter efectos. Non será preciso ditar resolución de aceptación desta modificación.

Artigo 28.- Solicitude relacionada con outra denegada, non admitida ou incumprida

1. Calquera escrito do debedor no que manifeste a súa desconformidade coa resolución adoptada ou coa cancelación do aprazamento ou fraccionamento cualificarase como recurso de reposición.

Cando no mesmo escrito o debedor propoña unha modificación substancial das condicións propostas na solicitude anterior, considerarase que presenta unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento con carácter subsidiario á interposición do recurso, e actuarase segundo se establece neste Regulamento para ese suposto.

2. A solicitude que comprenda débedas incluídas nunha solicitude denegada ou non admitida por un motivo distinto ao incumprimento das obrigas do debedor tramitarase unicamente se desapareceron as causas polas que se produciu a denegación ou non admisión. Se aínda persisten, a solicitude non será admitida, por reiterativa.

3. O prazo de pago aberto pola notificación dunha resolución denegatoria de

aprazamento ou fraccionamento de débedas no período voluntario terá efectos exclusivamente para o dito pago. Se o debedor solicitase de novo nese prazo o aprazamento ou fraccionamento desas débedas, a solicitude considerarase presentada no período executivo agás que non estivese aínda rematado o período voluntario orixinal das ditas débedas.

CAPÍTULO 7º. LIQUIDACIÓN DOS XUROS DE MORA

Artigo 29.- Criterio xeral

A liquidación e esixencia dos xuros de mora nos aprazamentos e fraccionamentos levarase a cabo segundo o establecido no Regulamento xeral de recadación, coas especialidades que se regulan nos artigos seguintes.

Artigo 30.- Liquidación e períodos de cálculo

1. Nas desistencias, nas cancelacións e nos pagos parciais a conta, os xuros de mora liquidaranse polos seguintes períodos:

1) Respecto das débedas cuxo período voluntario non estivese rematado á data da desistencia ou pago, non se liquidarán.

2) Respecto das débedas que estiveran no período voluntario na data da solicitude pero xa tivera rematado o dito período na data da desistencia ou pago, ou coa recarga do período executivo do cinco por cento (5%) ou do dez por cento (10%), calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data da desistencia, da cancelación ou do pago.

Notificaranse ao debedor para o seu pago nos prazos sinalados no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria. No entanto, cando sexa factible poderanse incluír os xuros no importe a pagar que se calcule.

3) Respecto das débedas con recarga do período executivo do vinte por cento (20%), liquidaranse e esixiranse no procedemento recadatorio ordinario, simultaneamente coas débedas que os orixinaron.

2. Nas denegacións, os xuros de mora liquidaranse polos seguintes períodos:

1) Respecto das débedas cuxo período voluntario non estivese rematado á data de notificación da resolución de denegación, non se esixirán.

2) Respecto das débedas que estiveran no período voluntario na data da solicitude pero xa tivera rematado o dito período na data de notificación da resolución de denegación, ou coa recarga do período executivo do cinco por cento (5%) ou do dez por cento (10%):

a. Se o pago se realiza no prazo concedido na resolución, calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data do pago.

b. Se non se realiza o pago no prazo concedido na resolución de denegación, calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data na que remate o dito prazo.

Notificaranse ao debedor para o seu pago nos prazos sinalados no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria.

3) Respecto das débedas coa recarga do período executivo do vinte por cento (20%),

liquidaranse e esixiranse no procedemento recadatorio ordinario, simultaneamente coas débedas que os orixinaron.

3. Cando o debedor manifeste a súa intención de aboar anticipadamente o importe pendente do aprazamento ou fraccionamento concedido, facilitaráselle unha carta de pago de validez limitada que incluirá o dito importe e os xuros de mora, que se calcularán dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario de cada débeda ata a data de emisión da carta de pago.

4. Pola Presidencia da Deputación poderanse establecer límites mínimos de importes para liquidar e esixir os xuros de mora regulados neste artigo.

Artigo 31.- Tipo de xuro

1. No caso de débedas tributarias, o tipo de xuro será o previsto no artigo 26.6 da Lei xeral tributaria.

Para as débedas non tributarias, o tipo de xuro será o previsto no artigo 17 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria.

2. Cando algún vencemento coincida nun período para o que aínda non estea fixado o tipo oficial de xuro, aplicaráselle o último tipo fixado. Unha vez vixente o tipo oficial que corresponda a ese período, calcularanse de novo automaticamente os xuros de mora no último vencemento, se aínda non se produciu.

CAPÍTULO 8º. A GARANTÍA

Artigo 32.- Regras xerais

1. Cando se deba constituír garantía, consistirá preferentemente en aval solidario emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, ou en certificado de seguro de caución. Cando se xustifique a imposibilidade de achegar este tipo de garantía, poderá substituírse por hipoteca, prenda, fianza persoal ou algunha outra que se considere idónea e suficiente.

2. A garantía deberá cubrir:

a) Respecto das débedas no período voluntario, o seu principal, os xuros de mora xerados no aprazamento ou fraccionamento e un vinte e cinco por cento (25%) da suma das dúas partidas.

b) Respecto das débedas no período executivo, o seu principal, as recargas do período executivo, os xuros de mora xerados no aprazamento ou fraccionamento e un cinco por cento (5%) da suma das tres partidas.

3. A garantía deberá formalizarse conforme á súa natureza xurídica e co alcance, forma e contido que resulte das normas de dereito civil, mercantil ou administrativo, segundo proceda.

Cando os bens ou dereitos ofrecidos como garantía estean inscritos nun rexistro público, os documentos de formalización e de aceptación da garantía inscribiranse tamén no dito rexistro.

Cando a garantía consista en hipoteca ou prenda, deberá ser formalizada en documento público e inscrita unilateralmente polo debedor.

A garantía consistente en fianza persoal deberá ser formalizada necesariamente nun documento público.

Os gastos derivados da formalización e inscrición da garantía, da súa aceptación e da súa liberación correrán en todo caso por conta do debedor.

4. No suposto de concesión de dispensa parcial de garantía, a que se constitúa quedará afecta ao pago da totalidade das débedas do aprazamento ou fraccionamento.

5. A garantía terá vixencia ata que a Deputación Provincial da Coruña acorde a súa cancelación.

Artigo 33.- Informe de admisibilidade, suficiencia e idoneidade

Cando se ofreza garantía, a Vicetesourería comprobará:

1) A súa admisibilidade e suficiencia xurídica e económica.

2) A súa idoneidade dende a perspectiva da súa execución e da capacidade para asegurar o cobro das débedas que debe garantir.

O resultado desta comprobación plasmarase no correspondente informe, coas seguintes consecuencias:

a) Se é positivo, continuarase coa tramitación do expediente.

b) Se é negativo por considerala non admisible ou non idónea, formularase proposta de denegación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

c) Se é negativo por considerala insuficiente xurídica ou economicamente, requirirase ao debedor para que corrixa a insuficiencia, coa advertencia de que se non o fai no prazo de contestación ao requirimento proporase a denegación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

Se o debedor atende o requirimento, a Vicetesourería emitirá novo informe. No caso de que este volvese a ser negativo, formularase proposta de denegación da solicitude. Se fose positivo, continuarase a tramitación do expediente.

Artigo 34.- Emenda de defectos da garantía

1. No caso de ofrecemento de garantía distinta ao aval ou certificado de seguro, se a imposibilidade de obtención destes non estivese suficientemente xustificada requirirase ao debedor para que o faga, coa advertencia de que se non atende debidamente o requirimento proporase a denegación da solicitude.

2. Cando, deducidas as cargas, a valoración do ben ou dereito ofrecido resultase insuficiente para garantir o aprazamento ou fraccionamento, requirirase ao debedor para que achegue garantía complementaria ou acredite a imposibilidade de achegala, nos mesmos termos e cos mesmos efectos previstos para os casos de dispensa de garantías.

3. Se como consecuencia de anulacións, compensacións ou pagos realizados antes da formulación da proposta de resolución o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento pasase a ser inferior ao límite establecido neste Regulamento para a esixencia de garantía, continuarase a tramitación do expediente sen a dita esixencia.

Artigo 35.- Garantías non admisibles

1. Polas súas características intrínsecas ou as limitadas posibilidades da súa execución, certos tipos de bens e dereitos non reúnen, en principio, as condicións mínimas de idoneidade e suficiencia xurídica ou económica para poder ser admitidos como garantía dos aprazamentos ou fraccionamentos.

O informe da Vicetesourería neses casos deberá ser negativo con carácter xeral. No entanto, poderá excepcionalmente admitilos como garantía cando considere que reúnen as condicións mínimas indicadas.

En calquera caso, o informe deberá estar debidamente motivado con referencia ás concretas circunstancias do expediente.

2. Os bens e dereitos que, en principio, non se admitirán como garantía dos aprazamentos ou fraccionamentos son os seguintes:

a) Bens e dereitos con cargas previas.

b) Bens inmobles rústicos, agás que na valoración achegada, tendo en conta especialmente a análise de mercado, a localización e o valor de execución, poida considerarse garantida suficientemente a débeda.

c) Vehículos e transportes non comerciais, agás que teñan un valor actualizado no mercado de segunda man que asegure un importe mínimo executable do trescentos por cento (300%) do importe a garantir.

d) Instalacións e montaxes fixas que se atopen indisolublemente unidas a naves ou centros de explotación ou traballo.

e) Maquinaria específica, agás que sexa de alto valor, non deseñada a medida e exista un mercado de segunda man cunha demanda solvente e áxil que facilite a súa execución.

f) Existencias e materias primas, así como produtos en curso, exceptuando xoias e materias preciosas que sexan suficientemente individualizables.

g) Bens mobles dotados dun alto grao de obsolescencia física ou técnica, tales como aparellos electrónicos e tecnolóxicos, bens de uso continuo, etc.

h) Prendas sobre valores ou accións de entidades para os que non exista un mercado de negociación secundario oficial que asegure de maneira rápida e efectiva a súa execución.

i) Obras de arte, agás que se achegue informe de valoración emitido por empresa de recoñecida solvencia no sector detallando a concorrencia dun mercado no que poder executalas.

j) Bens incluídos no patrimonio histórico ou cultural do Estado ou as comunidades autónomas ou bens inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural (BIC), agás que conten con permiso de venda emitido polo organismo competente e se achegue informe de valoración emitido por empresa de recoñecida solvencia no sector detallando a concorrencia dun mercado no que poder executalos.

k) Participacións inferiores ao sesenta e cinco por cento (65%) en comunidades pro indiviso do pleno dominio de calquera elemento patrimonial.

l) Dereito de aproveitamento por quenda de inmobles.

m) Dereitos reais limitados. No caso de ofrecerse tamén os bens sobre os que pesan

tales limitacións, valoraranse detidamente as posibilidades de execución. No caso de dereitos de superficie, para consideralos admisibles como garantía deberán estar valorados en mais do douscentos por cento (200%) do importe a garantir.

3. Tampouco se admitirá como garantía, con carácter xeral, a anotación de embargo practicada no procedemento de prema sobre bens ou dereitos do debedor. No seu lugar esixirase a constitución de hipoteca ou prenda sobre os ditos bens ou dereitos ou sobre outros que reúnan as condicións necesarias. No entanto, con carácter excepcional e sempre que a situación económico-financeira do debedor non permita presumir a existencia de dificultades futuras de carácter estrutural que poidan desembocar nunha situación concursal e que ademais o valor dos bens ou dereitos cubra suficientemente o importe a garantir, admitirase o embargo como garantía para o aprazamento ou fraccionamento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que, en atención á contía e prazo da débeda, ou a calquera outras circunstancias, a constitución de garantía poida resultar excesivamente onerosa, debendo o propio debedor achegar a proba correspondente para o efecto.

b) Que, con posterioridade á data da anotación do embargo, consten anotadas outras cargas sobre os citados bens ou dereitos, de xeito que a constitución de hipoteca ou prenda sobre os mesmos faga perder á Deputación a prioridade que lle corresponda pola data de inscrición no Rexistro.

Artigo 36.- Prazo de formalización

A garantía deberá formalizarse e, no seu caso, inscribirse no correspondente rexistro público, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte á data de notificación da resolución de concesión do aprazamento ou fraccionamento, cuxa eficacia estará condicionada á formalización da garantía.

Excepcionalmente, o dito prazo poderá ser prorrogado como máximo por un (1) mes máis previa solicitude xustificada do debedor. A prórroga acordarase mediante resolución da Presidencia.

Artigo 37.- Documento de formalización

Como condición de suficiencia xurídica, o contido mínimo do documento no que se formalice a garantía será o seguinte:

1) Nome e apelidos, ou razón social, e NIF das persoas que interveñen no acto como debedor e como garante ou do seu representante, se é o caso.

2) Relación individualizada das débedas cuxo pago se garante, e calendario de vencementos. Esta información poderá ser substituída pola indicación do número e data da resolución de concesión e do número de expediente de aprazamento ou fraccionamento.

3) Importes totais garantidos en concepto de principal, recarga do período executivo e xuros de mora, segundo proceda.

4) Declaración de que a condición de acredor ou beneficiario recae na Deputación Provincial da Coruña, a cuxo favor se constitúe a garantía.

5) Cando proceda, relación de bens e dereitos que se afectan ao pago das débedas aprazadas ou fraccionadas, incorporando no seu caso a información que conste no

rexistro público correspondente.

6) Declaración de que os gastos que comporte a formalización, aceptación e inscrición da garantía correrán a cargo do debedor.

7) Declaración de que o garante renuncia expresamente a calquera beneficio, e especificamente aos de orde, división e excusión de bens do debedor, e responderá integramente polos importes garantidos, con independencia de que, por calquera causa, a débeda garantida quede vinculada a convenio que puidera celebrarse no caso de concurso do debedor.

8) Declaración de que non se lle poderá opor ao acredor ningunha excepción derivada da relación do garante co debedor, nin sequera a falta de pago da prima ou cota, no seu caso.

9) Declaración de que o garante comprométese a facer efectiva a garantía, cando sexa requirido para iso, no prazo do artigo 62.5 da Lei Xeral Tributaria e de que no caso de que sexa necesaria a execución da garantía seguirase o procedemento de prema.

10) Declaración de que a garantía terá vixencia ata que a Deputación Provincial da Coruña acorde expresamente a súa cancelación.

11) Referencia á normativa hipotecaria aplicable, cando a garantía sexa inscritible nun rexistro público.

12) Referencia á normativa aplicable sobre o contrato de seguro, cando proceda.

Artigo 38.- Consecuencias da falta de formalización

Rematado o prazo previsto sen que se teña formalizada a garantía, quedará cancelado o aprazamento ou fraccionamento aínda que o debedor estivese cumprindo coas obrigas de pago dos vencementos.

A cancelación, que non será necesario que se comunique ao debedor, terá as consecuencias previstas neste Regulamento para o suposto de incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

Artigo 39.- Aceptación

Formalizada a garantía e acreditado o cumprimento das condicións formais e materiais requiridas para a súa plena eficacia, elaborarase a proposta de aceptación.

A aceptación da garantía efectuarase mediante resolución da Presidencia que será notificada ao debedor.

Se a garantía foi inscrita nun rexistro público, o debedor deberá inscribir tamén a súa aceptación e achegar a acreditación de telo feito, para o que disporá do prazo dun (1) mes dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución de aceptación.

Artigo 40.- Liberación

A garantía será liberada de oficio, unha vez comprobado o pago ou extinción total das débedas garantidas incluídos, no seu caso, a recarga do período executivo, os xuros de mora e os custos do procedemento.

A liberación e devolución da garantía ordenarase por resolución da Presidencia.

Artigo 41.- Execución

Chegado o caso, a execución da garantía efectuarase polo procedemento de prema, nos termos previstos ao respecto na Lei xeral tributaria. O importe líquido obtido aplicarase ao pago das débedas pendentes, incluídos os custos do procedemento, as recargas do período executivo e os xuros de mora. A parte sobrante, se houbese, será posta ao dispor do garante ou de quen corresponda legalmente.

Nos supostos de dispensa parcial ou de insuficiencia sobrevinda da garantía, poderase continuar o procedemento de prema sen necesidade de agardar á execución da garantía. No suposto de insuficiencia sobrevinda deberá quedar motivada no expediente a continuación do procedemento de prema.

CAPÍTULO 9º. EXECUCIÓN DO APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

Artigo 42.- Pago

Mensualmente enviaranse ás entidades bancarias as correspondentes ordes de cargo de conformidade co calendario de vencementos aprobado.

As entidades cargarán os importes das ordes nas contas sinaladas en cada caso polos debedores e os ingresarán na conta restrinxida sinalada ao efecto, remitindo aos seus clientes os xustificantes da operación realizada.

Os titulares das contas serán responsables da existencia nelas de efectivo suficiente para cubrir os correspondentes importes no momento de realizarse os cargos.

Artigo 43.- Consecuencias da falta de pago dos vencementos

A falta de pago dalgún dos vencementos acordados terá as consecuencias seguintes:

1. Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período voluntario e non se trata do último ou único vencemento, iniciarase o período executivo respecto do dito vencemento e formularase requirimento de pago polos seguintes conceptos:

1) Importe do vencemento non pagado, incluídos os xuros de mora.

2) Recarga executiva do cinco por cento (5%), calculada sobre o importe do vencemento non pagado.

O ingreso deberá realizarse no prazo sinalado no artigo 62.5 da Lei xeral tributaria.

De non realizarse o ingreso nese prazo, as consecuencias serán as seguintes:

1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o fraccionamento.

2) Iniciarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.

3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.

4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.

5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e ditarase resolución de non admisión dos que estivesen tramitándose.

6) (Derrogado)

2. Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período executivo ou se trata do último ou único vencemento:

1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o aprazamento ou fraccionamento.

2) Iniciarase ou continuarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.

3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.

4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.

5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e denegaranse os que estivesen tramitándose.

6) (Derrogado).

Artigo 44.- Incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos

O incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos acordados, establecidas neste Regulamento ou na resolución de concesión, terá as seguintes consecuencias:

1) A denegación do aprazamento ou fraccionamento, se estaba en trámite.

2) A cancelación do aprazamento ou fraccionamento, se xa estaba concedido.

3) O levantamento da suspensión das débedas.

4) A continuación do procedemento recadatorio e a execución da garantía, se a houbese.

5) A liquidación e esixencia dos xuros de mora que procedan.

6) A cancelación de calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e a denegación dos que estivesen tramitándose.

7) (Derrogado).

CAPÍTULO 10º. DÉBEDAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN CONCURSAL

Artigo 45.- Solicitudes en situación preconcursal

Se o debedor acredita a comunicación ao xulgado do inicio de negociacións para alcanzar un acordo preconcursal de refinanciamento, poderá solicitar aprazamento ou fraccionamento das súas débedas, que se tramitará coas seguintes particularidades:

1) Poderá solicitarse o aprazamento ou fraccionamento das débedas pendentes á data na que se produciu a dita comunicación ao xulgado.

2) A referencia temporal do aprazamento ou fraccionamento poderá axustarse aos termos do acordo de refinanciamento e superar os prazos máximos fixados con carácter xeral, pero sen exceder dos corenta e oito (48) meses dende a data da comunicación ao xulgado.

3) Poderá solicitarse a reconsideración dos aprazamentos ou fraccionamentos anteriores

en trámite ou concedidos, para axustalos segundo o disposto no apartado anterior.

4) No caso de que se declarase o concurso do debedor, arquivaranse as solicitudes en trámite e cancelaranse os aprazamentos ou fraccionamentos concedidos, por perda sobrevinda do obxecto dos mesmos.

Artigo 46.- Tramitación

1. Ao estar sometidas ao que resulte do proceso concursal, o aprazamento ou fraccionamento das débedas concursais non será admitido, por manifesta falta de obxecto da solicitude.

2. O aprazamento ou fraccionamento das débedas contra a masa non será admitido por prohibilo expresamente o artigo 65.2 da Lei xeral tributaria.

3. As débedas post-concursais, entendidas como tales as orixinadas con posterioridade á aprobación do convenio, poderán ser aprazadas ou fraccionadas. Na tramitación da solicitude teranse en conta as seguintes particularidades:

1) O debedor deberá estar cumprindo no seu tempo e forma as obrigas de pago recollidas no convenio acordado. Especialmente, deberá ter satisfeito previamente o pago das débedas contra a masa e das débedas concursais privilexiadas, agás que teña acadado acordo singular coa Deputación Provincial da Coruña. De non ser así, o aprazamento ou fraccionamento non será admitido e proporase ao órgano competente que inste á autoridade xudicial a declaración do incumprimento do convenio.

2) O convenio aprobado en vigor e cumpríndose no seu tempo e forma considerarase xustificación suficiente da existencia das dificultades económico-financeiras transitorias.

3) No caso de que o concurso remate con liquidación, as débedas post-concursais pasarán a ter a cualificación de débedas contra a masa, e os aprazamentos ou fraccionamentos concedidos sobre elas serán cancelados inmediatamente, sen necesidade de comunicación ao debedor. Na resolución de concesión do aprazamento ou fraccionamento a debedores concursados incluirase unha cláusula advertindo desta posibilidade.

Artigo 47.- Solicitudes anteriores á declaración de concurso

As solicitudes presentadas con anterioridade á declaración de concurso nas que aínda non se ditase resolución serán arquivadas en canto se teña coñecemento del, por perda sobrevinda do obxecto do procedemento, segundo dispón o artigo 103.2 da Lei xeral tributaria.

Cando o aprazamento ou fraccionamento estivera xa concedido á data de declaración do concurso será cancelado inmediatamente.

O arquivo ou cancelación comunicarase ao debedor para os únicos efectos do seu coñecemento.

CAPÍTULO 11º. DESENVOLVEMENTO E ENTRADA EN VIGOR

Artigo 48.- Desenvolvemento

Facúltase á Presidencia para ditar resolucións con instrucións de desenvolvemento das normas contidas neste Regulamento e, particularmente, para aprobar os modelos oficiais de documentos que se mencionan nel.

Unha vez aprobadas, as ditas resolucións serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia e no sitio web da Deputación Provincial da Coruña, para xeral coñecemento.

Artigo 49.- Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia unha vez producida a súa aprobación definitiva, e aplicarase tanto ás novas solicitudes que se reciban con posterioridade como a aquelas presentadas con anterioridade respecto das que non se formulara aínda a proposta de resolución e a aquelas que deban volver a tramitarse con posterioridade á entrada en vigor deste Regulamento.

Artigo 50.- Disposición derrogadora

A entrada en vigor deste Regulamento suporá que queden derrogados e sen efecto todos os preceptos que regulen esta mesma materia, contidos en calquera norma anterior de igual ou inferior rango no ámbito da Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Expor ao público o presente acordo durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, no taboleiro de anuncios desta Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 17 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No caso de que se presenten reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno da Corporación, que adoptará o acordo definitivo que proceda.

Se non se presentase ningunha reclamación ou suxestión no período de información pública, o acordo inicial considerarase elevado automaticamente a definitivo sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

TERCEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro do acordo definitivo que resulte, para a súa entrada en vigor.

29.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Culleredo (Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana).

1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Culleredo en relación coa seguinte materia:

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.

30.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Trazo (recadación executiva).

1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Trazo en relación coa seguinte materia:

Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.

31.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Camariñas (Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana).

1. Aceptar a delegación das competencias tributarias acordada polo Concello de Camariñas en relación coa seguinte materia:

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.

32.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Coristanco respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Coristanco, adoptado na sesión plenaria do 1 de abril de 2024, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial.

33.- Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo 2024.

Vista a proposta formulada polo Deputado delegado de facenda, recursos humanos e avance dixital, o acordo da Mesa xeral de negociación dos empregados públicos de 10 de maio de 2024 e os informes da Intervención xeral e da Secretaría xeral en relación ao informe proposta de recursos humanos onde constan os seguintes antecedentes:

O RD 861/1986 establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local e no seu artigo 3.1 fai referencia aos intervalos dos niveis de traballo dos funcionarios da Administración local:

"Artigo 3. º Complemento de destino. 1. Os intervalos dos niveis de postos de traballo dos funcionarios de Administración Local serán os que en cada momento se establezan para os funcionarios da Administración do Estado."
A remisión do artigo 3.1 do Real Decreto 861/1986 é aos niveis aplicables aos funcionarios do Estado, que son os previstos na disposición transitoria 6.ª do citado Real Decreto-Lei, que se reproducen no seguinte cadro:

Grupo ou subgrupo	Nivel mínimo	Nivel máximo
Grupo A1.	24	30
Grupo A2.	20	26
Grupo B.	18	24
Grupo C1.	16	22
Grupo C2.	14	18

A aplicación dos novos niveis non é automática e debe levarse a cabo modificando a relación de postos de traballo co procedemento previsto pola lei.

O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, dispón que poden proverse polo procedemento de libre designación "aqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo ". A provisión do posto de traballo de Xefatura de Servizo de Patrimonio e Contratación polo sistema de libre designación incluiría todos os elementos que, segundo o noso Tribunal Supremo (sentenza do 10 de abril de 2000), delimitan o perfil de tal sistema, polo seu carácter excepcional que completa o método normal de provisión de postos que é o concurso, por aplicarse en atención á natureza das funcións do posto, por tratarse dun posto de especial responsabilidade como resulta da súa denominación e características esenciais incorporadas na relación de postos de traballo.

Pola súa banda o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, prevé de forma expresa a participación, nas convocatorias de provisión de postos de traballo, de funcionarios que pertenzan a calquera das administracións públicas, sempre que así o estableza a relación de postos de traballo.

Visto o artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo.

Vistos os artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista do exposto

III.- ACÓRDASE

1. Transformar os postos que se indican no sentido que se sinala:

2. Abrir a outras administracións públicas os seguintes postos:

-Xefatura de servizo de promoción económica, turismo e emprego

-Xefatura de servizo de acción social, cultura e deportes

3. Modificar o sistema de provisión da Xefatura de servizo de patrimonio e contratación polo de libre designación.

4. Establecer o nivel de complemento de destino 24 a 102 postos de traballo en aplicación do Real decreto 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do plan de recuperación, transformación e resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenazgo e con efectos a 1 de xaneiro de 2024.

2. Aprobar inicialmente a relación de postos de traballo 2024 que figura como Anexo I e dispor, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

3. Realizar as modificacións presupostarias correspondentes para os incrementos dos niveis dos postos de traballo do subgrupo A1.

4. Unha vez aprobada definitivamente, remitir copia da relación de postos de traballo aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia no prazo de trinta días.

5. Publicar íntegramente a relación de postos de traballo 2024 no Boletín Oficial da Provincia.

Deputación DA CORUÑA

ANEXO I
RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2024

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	COMPLEMENTO ESPECÍFICO
	GABINETE DE PRESIDENCIA													
1.1.442.1	Técnico/a superior	27	A1			1	S	LD	A3	AX/AE	11	Lic. Dereito	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	37.480,99
1.1.213.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.211.1	Secretario/a Gabinete	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.205.1	Secretario/a de Presidencia	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.414.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.448.1	Coordinador de Gabinete de Presidencia	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	28.951,81
1.1.8.1	Secretario/a de Vicepresidencia	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX/AE	3/45		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.8.2	Secretario/a de Vicepresidencia	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX/AE	3/45		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.443.1	Xefatura de sección de prensa	25	A1	A2		1	N	LD	A3	AX/AE	10/9		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	32.260,58
1.1.374.1	Xefatura de negociado de prensa	22	B	C1		1	N	LD		AX/AE	8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.375.1	Xefatura de sección de protocolo	25	A1	A2		1	N	CE		AX/AE	10/9		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	32.260,58
1.1.462.1	Xefatura de departamento	24	A1	A2	B	1	N	C		AX/AE	10/9/8		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08
1.1.221.1	Xefatura de Negociado	22	B	C1		1	N	LD		AX/AE	8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	25.413,08

Deputación DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	COMPLEMENTO ESPECÍFICO
1.1.408.7	Xefatura de negociado	22	B	C1		1	N	C		AX/AE	8/3		Libre dispoñibilidade	20.725,65
	ASESORÍA XURÍDICA													0,00
1.1.36.1	Asesor xurídico	29	A1			1	S	CE		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	40.817,28
1.1.444.1	Técnico xurídico	27	A1			1	S	C		AX	11	Lic. Dereito/ Habilit. Procesal	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	37.480,99
1.1.60.1	Letrado asesor adxunto	27	A1			1	S	C		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	37.480,99
1.1.60.5	Letrado asesor adxunto	27	A1			1	S	C		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	37.480,99
1.1.60.4	Letrado asesor adxunto	27	A1			1	S	C		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	37.480,99
1.1.408.3	Xefatura de negociado	22	B	C1		1	N	C		AX/AE	8/3		Libre dispoñibilidade	20.725,65
1.1.15.166	Administrativo admón. xrl.	20	C1			1	N	C		AX	3			13.942,61
1.1.3.68	Auxiliar admón. xrl.	17	C2			1	N	C		AX	4			12.508,81
1.1.3.165	Auxiliar admón. xrl.	17	C2			1	N	C		AX	4			12.508,81
	SECRETARÍA XERAL													0,00
1.1.136.1	Secretario/a Xeral	30	A1			1	S	LD		HN			Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	55.793,99
1.1.22.1	Secretario/a de Secretaría Xeral	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX	9/3		Libre dispoñibilidade	19.429,60
	OFICIALÍA MAIOR													0,00
1.1.137.	Oficial Maior	30	A1			1	S	LD		HN			Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	50.550,59
1.1.181.1	Secretario/a de Oficialía Maior	22	A2	B	C1	1	N	LD		AX	9/3		Libre dispoñibilidade	19.429,60
1.1.419.1	Xefatura de departamento de comunicación virtual e relacións coa imprenta	24	A1	A2	B	1	N	C		AX/AE	10/9/8		Libre dispoñibilidade	21.277,11
1.1.406.4	Técnico/a administración xeral	24	A1			1	N	C		AX	1			17.968,28
	INFORMACIÓN E ACTAS													0,00
1.1.305.1	Xefatura de sección de información e actas	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación Libre dispoñibilidade	27.766,16
1.1.46.1	Técnico superior Unión Europea	24	A1			1	N	C		AE	1/7			17.416,88

Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	COMPLEMENTO ESPECÍFICO
1.1.306.1	Xefatura de negociado	22	B	C1		1	N	C		AX/AE	8/3		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación At. Continua ao público Libre disponibilidade	22.361,84
1.1.178.57	Técnico de xestión de admón. xrl.	22	A2			1	N	C		AX	9			16.672,35
1.1.421.1	Técnico/a medio/a en redes sociais	22	A2			1	N	C		AE	42			16.672,35
1.1.46.3	Técnico superior Unión Europea	24	A1			1	N	C		AE	1/7			17.416,88
1.1.15.172	Administrativo (información e actas)	20	C1			1	N	C		AX	3		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	15.578,80
1.1.15.173	Administrativo (información e actas)	20	C1			1	N	C		AX	3		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	15.578,80
1.1.15.175	Administrativo (información e actas)	20	C1			1	N	C		AX	3		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	15.578,80
1.1.15.176	Administrativo (información e actas)	20	C1			1	N	C		AX	3		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	15.578,80
1.1.15.212	Administrativo (información e actas)	20	C1			1	N	C		AX	3		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	15.578,80
1.1.3.157	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	17	C2			1	N	C		AX	4		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.145,00
1.1.3.158	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	17	C2			1	N	C		AX	4		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.145,00
1.1.435.1	Xefatura de sección normaliz. Lingüística	25	A1	A2		1	S	C		AE	10/9		Libre disponibilidade	27.049,26
1.1.52.2	Técnico de normalización lingüística	24	A1			1	N	C		AE	12			17.416,88
1.1.15.65	Administrativo de normalizac. Lingüística	20	C1			1	N	C		AX	3			13.942,61
	SERVIZOS INTERNOS													0,00
1.1.11.6	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38

Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	COMPLEMENTO ESPECÍFICO
1.1.11.7	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.8	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.9	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.21	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.23	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.24	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.25	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.26	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.28	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
1.1.11.34	Subalterno	14	AP			1	N	C		AX	5			11.810,38
	ARQUIVO													0,00
1.1.355.1	Xefatura de sección de arquivo	25	A1	A2		1	S	C		AE	10/9		Libre dispoñibilidade	27.049,26
1.1.85.10	Axudante arquivo e biblioteca	22	A2			1	N	C		AE	14			16.120,94
1.1.85.7	Axudante arquivo e biblioteca	22	A2			1	N	C		AE	14			16.120,94
1.1.146.6	Axudante arquivo e biblioteca	22	A2			1	N	C		AE	14			16.120,94
1.1.85.1	Axudante arquivo e biblioteca	22	A2			1	N	C		AE	14			16.120,94
1.1.85.8	Axudante arquivo e biblioteca	22	A2			1	N	C		AE	14			16.120,94
1.1.439.2	Auxiliar técnico/a de arquivo	20	C1			1	N	C		AE	3			13.942,61
1.1.439.1	Auxiliar técnico/a de arquivo	20	C1			1	N	C		AE	3			13.942,61
	IMPRENTA													0,00
1.1.417.1	Xefatura de departamento responsable de impresión	24	A1	A2	B	1	N	C		AE	38		Libre dispoñibilidade	22.196,40
1.1.418.1	Xefatura de departamento responsable de preimpresión	24	A1	A2	B	1	N	C		AE	38		Libre dispoñibilidade	22.196,40
1.1.416.1	Oficial de imprenta deseñador gráfico	21	B			1	N	C		AE	50			16.479,34
1.1.416.2	Oficial de imprenta deseñador gráfico	21	B			1	N	C		AE	50			16.479,34
1.1.377.1	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.2	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.5	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.8	Oficial de imprenta	21	C1	B		1	N	C		AE	3/38		Ocupado por oficial industrial	16.157,78
1.1.377.3	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.4	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.6	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.7	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.9	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.11	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.12	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.377.13	Oficial de imprenta	21	B			1	N	C		AE	38			16.157,78
1.1.408.4	Xefatura de negociado	22	B	C1		1	N	C		AX/AE	8/3		Libre dispoñibilidade	20.725,65
1.1.410.1	Operario de imprenta	17	C2			1	N	C		AE	4			13.060,49
1.1.3.167	Auxiliar admón. xrl.	17	C2			1	N	C		AX	4			12.508,81
	PARQUE MÓBIL													0,00

Deputación DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	COMPLEMENTO ESPECÍFICO
1.1.295.1	Xefatura de negociado parque móbil	22	B	C1		1	N	C		AX/AE	8/3		Libre dispoñibilidade	20.725,65
1.1.109.10	Condutor	18	C1	C2		1	N	C		AE	3/4		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	20.560,38
2º A aportación provincial prevista no convenio ascende a un total de 2.000.000,00 euros, para a execución dos eixos incluídos no orzamento do mesmo, aportación que será financiada nunha porcentaxe do 100 % mediante aportación da Axencia de Turismo de Galicia no marco do reparto dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación a realizar a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia en particular dentro da liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración.

3º A aportación provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria procedente.

4º O cumprimento da presente proposta de convenio queda condicionada ao ingreso da achega da Axencia de Turismo de Galicia no prazo dun mes desde a sinatura do mesmo. A devandita achega motivará a dotación orzamentaria por parte da Deputación para o financiamento das liñas do proxecto para o que se tramitará o oportuno expediente de xeración de crédito.

5º Designar como parte interveniente e asinante do convenio, en virtude da delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución 2023/29343 de 24/07/2023, a Don Xosé Regueira Varela, Vicepresidente e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria.

6º Designar ao Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, Don Xosé Regueira Varela, como representante da Deputación da Coruña na Comisión de Seguimento.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA "CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. Antonio Casas Calviño, xerente da Axencia de Turismo de Galicia, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

1. O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas

Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

3. Neste contexto, e co fin de permitir a execución do compoñente 14 do citado Plan de Recuperación, promoveuse a elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos (en diante, a Estratexia) que foi ratificada en Conferencia Sectorial de Turismo o 28 de xullo de 2021 e que articula mecanismos de cooperación entre Administracións Públicas -estatal, autonómica e local- para a consecución de fins comúns e a resolución de problemas transversais, impulsando a transformación verde e dixital no sector turístico, así como a mellora na súa competitividade. Un deses mecanismos materialízase no Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, principal actuación do Plan de competitividade e modernización do sector turístico que se caracteriza polo carácter excepcional do seu financiamento, que procede na súa totalidade dos fondos europeos e que debe implicar unha maior ambición transformadora, e, tamén, por unha serie de especificidades en canto ao seu ámbito de aplicación, limiares mínimos de investimento ou procedemento de presentación das propostas, aprobación, execución e xustificación de subvencións. Este Programa Extraordinario, conforme recolle a Estratexia, ten a súa concreción operativa nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destinos (PSTD) que se configuran como mecanismos de actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Entidades Locais e as Comunidades autónomas co obxectivo de avanzar na transformación dos destinos turísticos desde un modelo participado de gobernanza multinivel. Neste sentido, durante os primeiros dous anos de vixencia do citado Programa Extraordinario, a Conferencia Sectorial de Turismo aprobou os plans territoriais de sustentabilidade turística de Galicia correspondentes ás convocatorias dos anos 2021 e 2022. Iniciado o terceiro e último ano da vixencia do Programa Extraordinario, acometeuse a elaboración do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia 2023 que inclúe, neste exercicio, tamén o importe correspondente ao Plan Nacional, e

que, así mesmo, se realizou con estrito cumprimento dos distintos fitos regulados no documento de Estratexia de Sustentabilidade Turística en destinos, sendo de novo a Secretaría de Estado para o Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia, os órganos encargados de analizar e valorar as solicitudes recibidas conforme aos criterios de valoración recollidos na Estratexia.

4. A Resolución do 22 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia instruméntase ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 27 de xaneiro de 2023 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2023, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 9 de maio de 2023. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2023.

O Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional.

5. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

6. Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O Municipio.
- A Provincia.
- A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, instituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.

7. A Deputación Provincial da Coruña concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “PSTD Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.

Inclúe as seguintes actuacións: recuperación del observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso máis sistema de alertas; creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol e en vías de acceso ó patrimonio militar, con especial atención ás baterías militares da zona de Ferrolterra; adecuación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente para viandantes e ciclistas; creación e sinalización de camiños ciclables nas baterías militares de Ferrolterra; mellora de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, entorno e infraestruturas do patrimonio militar; elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ó patrimonio militar; desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra; deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ó patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías; elaboración de materiais didácticos dixitais para la posta en valor do centro histórico de Ferrol e do patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías defensivas; asistencia técnica para la xestión do Plan de Sustentabilidade Turística en Destinos do centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra; deseño gráfico e creación de imaxe de produto para o PSTD centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra; creación dun banco de imaxes e

material audiovisual promocional do centro histórico de Ferrol e o patrimonio militar da Costa Ártabra; actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán; actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: II fase do proxecto de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol.

A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

8. Para facer efectiva esta transferencia de fondos, faise necesario recorrer aos mecanismos do anticipo reembolsable e ao mecanismo excepcional que o artigo 10 do *Real Decreto-ley 25/2020, de 3 de julio, de medidas urgentes para apoyar la reactivación económica y el empleo* cando concorren evidentes razóns extraordinarias de interese público e social. Circunstancias que se poñen de manifesto nesta iniciativa extraordinaria de carácter singular. A tal fin, as actuacións específicas previstas neste Convenio —execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino da Deputación da Coruña do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación á Deputación Provincial da Coruña, o instrumento de intervención é o PLAN SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra, por un importe de 2.000.000 euros.

9. O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor da Deputación Provincial da Coruña, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do

Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor da Deputación Provincial da Coruña.

En virtude do que antecede, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística ”Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra” da Deputación Provincial da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Segunda.- Natureza

1 A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes articúlase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e os compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2 Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de *Presupuestos Generales del Estado* para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3 Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 37% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Mellora de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, entorno e infraestruturas do patrimonio militar	026bis
Recuperación do observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso máis sistema de alertas	037
Adecuación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente para viandantes e ciclistas	075
Creación e sinalización de camiños ciclables nas baterías militares de Ferrolterra	075

026bis: Renovación da eficiencia enerxética ou medidas de eficiencia enerxética relativas a infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética
037: Medidas de adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: outros, como, por exemplo tormentas e sequías (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos)
075: Infraestrutura para bicicletas

As seguintes actuacións, tamén do eixe 1 e 2, están identificadas con etiquetaxe climática 40% :

Creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol e en vías de acceso ó patrimonio militar, con especial atención ás baterías militares da zona de Ferrolterra	050

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis.

Como alternativa, segundo a Resolución de 29 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, os criterios de selección garantirán que polo menos 1.788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7%, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello.

Terceira.- Custo das actuacións e gastos subvencionables

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 2.000.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:

PSTD – CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA						
Eixes programáticos	**Actuacións**		**Anualidade 2024**	**Anualidade 2025**	**Anualidade 2026**	**Total**
Eixe 1. Transición verde e sostible	**1.1**	Recuperación do observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso máis sistema de alertas	0,00 €	0,00 €	250.000,00 €	250.000,00 €
	1.2	Creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol e en vías de acceso ó patrimonio militar, con especial atención ás baterías militares da zona de Ferrolterra	0,00 €	170.000,00 €	0,00 €	170.000,00 €
		Total EIXE 1	**0,00 €**	**170.000,00 €**	**250.000,00 €**	**420.000,00 €**
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	**2.1**	Adecuación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente para viandantes e ciclistas	0,00 €	120.000,00 €	200.000,00 €	320.000,00 €
	2.2	Creación e sinalización de camiños ciclables nas baterías militares de Ferrolterra	0,00 €	80.000,00 €	40.000,00 €	120.000,00 €
	2.3	Mellora de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, entorno e infraestruturas do patrimonio militar	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	150.000,00 €

		Total EIXE 2	**50.000,00 €**	**250.000,00 €**	**290.000,00 €**	**590.000,00 €**
Eixe 3. Transición dixital	**3.1**	Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ó patrimonio militar	30.000,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	33.000,00 €
	3.2	Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra	40.000,00 €	60.000,00 €	85.000,00 €	185.000,00 €
	3.3	Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ó patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías	35.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	47.000,00 €
	3.4	Elaboración de materiais didácticos dixitais para a posta en valor do centro histórico de Ferrol e do patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías defensivas	0,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
		Total EIXE 3	**105.000,00 €**	**92.500,00 €**	**117.500,00 €**	**315.000,00 €**
Eixe 4. Competitividade	**4.1**	Asistencia técnica para a xestión do Plan de Sustentabilidade Turística en Destinos do centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra	40.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	120.000,00 €
	4.2	Deseño gráfico e creación de imaxe de produto para o PSTD centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra	5.000,00 €	0,00 €	0,00 €	5.000,00 €
	4.3	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional do centro histórico de Ferrol e o patrimonio militar da Costa Ártabra	10.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €	25.000,00 €
	4.4	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán	0,00 €	125.000,00 €	0,00 €	125.000,00 €
	4.5	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: II fase do proxecto de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol.	200.000,00 €	200.000,00 €	0,00 €	400.000,00 €
		Total EIXE 4	**255.000,00 €**	**372.500,00 €**	**47.500,00 €**	**675.000,00 €**
Total			**410.000,00 €**	**885.000,00 €**	**705.000,00 €**	**2.000.000,00 €**

Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipará á Deputación Provincial da Coruña o importe correspondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticiparase a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente as anualidades 2025 e 2026.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. O importe do anticipo transferirase á Deputación Provincial da Coruña no prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia efectuarase do seguinte xeito:

-O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», por un importe de 410.000,00€ conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo das anualidades 2025 e 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.821.06, proxecto 2022 00001, por un importe de 885.000 € para a anualidade 2025 e por un importe de 705.000€ para a anualidade 2026.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación queda exonerada da constitución de garantía.

A entidade local autoriza á Comunidade Autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Calquera cambio que se realice nas acción descritas, requirira a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD da Deputación Provincial da Coruña financiaranse con fondos da Unión Europea-NextGenerationEU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiables todos aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade, destínense a alcanzar o fito 221 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiables:

a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiables.
c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non sería elixible.
e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/*2003*, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiables:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2024.

Cuarta.- Obrigas da Axencia de Turismo de Galicia

1.- A **Axencia de Turismo de Galicia** no exercicio das súas competencias e en virtude do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2024 á entidade local beneficiaria a cantidade de 2.000.000 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 e 04.A2.761A.821.06 e segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a Secretaría de Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executados conforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.

3.-A Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade en canto ao seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do

PRTR, de acordo co disposto no artigo 46 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro. Ademais, asume as obrigacións de información e rexistro da consecución dos correspondentes fitos e obxectivos nos termos previstos no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como o resto de obrigacións establecidas na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:
1.-De conformidade co disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.
2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.
Así mesmo, corresponde á Entidade Local:
a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:
a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29

de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude. E no enlace https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria deberá aplicar o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude na aplicación de fondos públicos: "Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financeira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña".

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/CanalAntifraude calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervenientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:
- Órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.
- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Axencia de Turismo de Galicia considere pertinentes ao longo do proceso de execución e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Fiscalía Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando canta información e documentación lles sexa requirida.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia canta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluirá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:
- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.

- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigación de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

1 Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos, cando o importe do financiamento sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración

competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprometese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Sexta.- Actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, infraestruturas

1.- Nas actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos e infraestruturas, deberanse ter en conta as seguintes condicións específicas do DNSH:

- Para prevención e o control da contaminación: realizar unha avaliación de impacto ambiental (AIA) de cada un dos investimentos da medida de acordo coa Directiva da AIA

e a normativa nacional de avaliación de impacto ambiental, e identificaranse e incluirán no deseño de cada proxecto todas as medidas de mitigación necesarias para a prevención e o control da contaminación do chan e da auga. Cando se instalen aparatos de auga, estes terán unha etiqueta de produto existente na Unión. Para evitar o impacto da obra, identificaranse e abordaranse os riscos de degradación ambiental relacionados coa preservación da calidade da auga e a prevención do estrés hídrico, de acordo cun plan de xestión do uso e protección da auga.

• Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.

• Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehido por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles cancerígenos de categorías 1A e 1B por m³ de material ou compoñente, previa proba de acordo con CEN/TS 16516 e ISO 16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.

• Para a prevención e o control da contaminación e protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas: Cando as actuacións de rehabilitación teñan lugar en áreas sensibles á biodiversidade (incluída a rede Natura 2000 de áreas protexidas, sitios do Patrimonio Mundial da UNESCO e áreas clave para a biodiversidade, así como outras áreas protexidas) ou en áreas próximas, requirirase o cumprimento dos artigos 6 (3) e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves. Ademais, cando sexa preceptivo, levará a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) de acordo coa Directiva AIA.»

• Para mitigación do cambio climático: Na rehabilitación de edificios terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.

• Para adaptación ao cambio climático: As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección no caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado, etc.

• Para transición a unha economía circular:

1. Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados, nas actuacións previstas neste investimento, será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para

residuos de construción e demolición.
3. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

Sétima.- Condicións e amortización do anticipo reembolsable.

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes:
O tipo de xuro é do 0%, e
O prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de maio de 2026.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable.

Oitava.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; á normativa en materia de axudas de Estado, así como ao establecido na Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, e na Ordes HFP 1030/2021 e HFP 1031/2021, do 29 de setembro.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a Deputación para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a Deputación, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

No caso de que subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto do convenio haberá de prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente».

As entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis esixentes en relación ás normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, así como a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «Do no significant

harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente.

A entidade local beneficiaria deberá identificar os contratistas e subcontratistas, de maneira que incluirán nos procedementos de licitación o seguintes extremos.
a) NIF do contratista ou subcontratistas.
b) Nome ou razón social.
c) Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión.
f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

Novena.- Comisión de seguimento

1. Para o control e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.
2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:
- Dous representantes da Comunidade Autónoma.
- Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.
4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

Décima.- Prazo e forma de xustificación

1. A Deputación Provincial da Coruña, finalizada a execución (en todo caso antes de 31 de maio 2026), presentará a xustificación ante a Axencia de Turismo de Galicia como data límite o 31 de maio de 2026, e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:
a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda se outorgue conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deba solicitar o beneficiario.
e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
f) Certificado emitido pola Deputación que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como o informe emitido pola Intervención.
g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.
h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou, no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

5. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento asegurararanse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística no cuarto trimestre de 2024:
- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos destinaranse a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional, deberan estar finalizados no segundo trimestre 2026.

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Décimo primeira.- Publicidade e difusión

1. A entidade local beneficiaria da axuda deberá cumprir coas seguintes obrigacións en materia de publicidade:

a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 polo que se regula o MRR e, especificamente, coas do artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

b) Nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e inserciónns en prensa, certificados, etc.), deberanse incluír os seguintes logos:

1.º O emblema da Unión Europea,

2.º Xunto co emblema da Unión, incluirase o texto «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU»;

3.º No enlace https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/comunicacion/ pode descargarse o manual de comunicación para xestores e persoas beneficiarias dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

c) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá incluír que foron financiadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia.

d) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do Plan de Recuperación, dispoñible no link http://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual.

2.- No seu caso, todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público, e o texto deberá estar redactado nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo segunda.- Incumprimento e reintegro

1. A constatación de que a entidade beneficiaria non utilizou a subvención da Axencia de Turismo de Galicia para o destino específico para o que se solicitou e concedeu, non realice a actuación que deu orixe á subvención, non xustifique a súa aplicación aos fins determinados para os que se interesou ou, en xeral, da existencia de calquera suposto de incumprimento das condicións que motivaron a concesión da subvención, a negativa para facilitar o labor de inspección e o non cumprimento das obrigacións atribuídas ás persoas beneficiarias, dará lugar previa audiencia ao interesado, á declaración de perda do dereito á percepción da subvención e, no seu caso, á obrigación de reintegrar á Tesoureira Xeral autonómica as cantidades percibidas, máis os intereses legais que procedan, de conformidade e nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Deputación da Coruña deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

No caso de que proceda a devolución anticipada do anticipo reembolsable estarase ao establecido na cláusula décima.

De igual modo, de conformidade co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, que tivo lugar o día 9 de maio de 2023, na que se aproban os criterios de repartición e distribución territorial de créditos destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, conlevará a devolución total ou parcial das cantidades percibidas:
a) Non lograr, en todo ou en parte, os obxectivos previstos: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

b) Non poder acreditarse o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores reportados: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

c) Calquera irregularidade que afecte a medidas baixo a súa responsabilidade determinada en calquera control desenvolvido por autoridades nacionais ou comunitarias que recaia sobre aquelas e que impida o retorno de fondos ao Tesouro: reintegro do importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

d) Non utilización das cantidades recibidas para as medidas para as que se transferiron: reintegro de fondos ao Estado polo importe indebidamente utilizado.

2. Así mesmo, proceden o reintegro de fondos polas súas especiais condicións en caso de incumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo», da etiquetaxe dixital ou ambiental ou das condicións recollidas na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España e no Compoñente 14.

3. Cando o cumprimento polas entidades beneficiarias se aproxime de modo significativo ao cumprimento total, entendo por tal a adecuada satisfacción do obxectivo perseguido coa concesión da axuda, e se acredite pola entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos por atoparse en fase final de execución as actuacións obxecto da subvención, a cantidade para reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra n) do apartado 3 do artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. O órgano competente para esixir o reintegro da subvención concedida será a persoa titular da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento
A percepción destas axudas non é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

Décimo cuarta.- Protección de datos
As partes asinantes están obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías de dereitos dixitais.

As citadas obrigacións subsistirán aínda despois de terminado o proxecto de referencia.

No presente convenio, será responsable do tratamento a Axencia de Turismo de Galicia nos termos establecidos na normativa referenciada e coas obrigacións e condicionamentos que a mesma establece.

Décimo quinta.- Análise de riscos de conflito de intereses
1. Ao tratarse dun convenio con persoas beneficiarias determinadas xa coñecidas, aplícase o réxime xeral de conflito de intereses previstos na Orde HFP/1030/2021.
2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf. Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias.
3. Na loita contra a fraude a Axencia de Turismo de Galicia actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que se aplica a esta convocatoria. A ligazón ao citado plan no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia é a seguinte: https://transparencia.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1792070&name=DLFE-47458.pdf.

Décimo sexta.- Extinción e resolución
1.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Serán causas de resolución do convenio:
a) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
b) O acordo unánime de todos os asinantes.
c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na normativa.

3.- Serán causas de extinción do convenio, en relación co anticipo reembolsable, o incumprimento das condicións impostas ao prestatario, ben en relación coas actuacións para executar e co fin para cumprir, ben en relación coa amortización do préstamo.
Se o incumprimento fose imputable ao organismo beneficiario ou denunciase este o convenio, deberá devolver a totalidade do importe anticipado cos intereses de demora correspondentes á vez que estivese á súa disposición, nos termos que determine a Axencia de Turismo de Galicia, sen prexuízo do tratamento que, respecto ao destino dos fondos da Unión Europea, estableza a normativa comunitaria.

4.- Con todo, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións que nese momento estean iniciadas, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a súa continuación ata a súa completa terminación, xustificación e liquidación conforme ás cláusulas contidas no convenio, conforme ao establecido no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.- En caso de resolución do convenio por incumprimento total ou parcial das súas obrigacións por parte da entidade beneficiaria, esta deberá reintegrar á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades que percibise como achega económica do convenio.

Décimo sétima.- Vixencia
1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de maio de 2026.
2.- En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, conforme ao disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo oitava.- Xurisdición competente
A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste, de acordo coas previsións dos artigos 11.1. c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, as partes intervenientes asinan o presente convenio

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

Pola Deputación Provincial da Coruña

Xosé Regueira Varela

ANEXO I

Actuacións, calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e orzamento desagregado, por anualidades.

PSTD – CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA						
Eixes programáticos	**Actuacións**		**Anualidade 2024**	**Anualidade 2025**	**Anualidade 2026**	**Total**
Eixe 1. Transición verde e sostible	**1.1**	Recuperación do observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso máis sistema de alertas	0,00 €	0,00 €	250.000,00 €	250.000,00 €
	1.2	Creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol e en vías de acceso ó patrimonio militar, con especial atención ás baterías militares da zona de Ferrolterra	0,00 €	170.000,00 €	0,00 €	170.000,00 €
		Total EIXE 1	**0,00 €**	**170.000,00 €**	**250.000,00 €**	**420.000,00 €**
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	**2.1**	Adecuación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente para viandantes e ciclistas	0,00 €	120.000,00 €	200.000,00 €	320.000,00 €
	2.2	Creación e sinalización de camiños ciclables nas baterías militares de Ferrolterra	0,00 €	80.000,00 €	40.000,00 €	120.000,00 €
	2.3	Mellora de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, entorno e infraestruturas do patrimonio militar	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	150.000,00 €
		Total EIXE 2	**50.000,00 €**	**250.000,00 €**	**290.000,00 €**	**590.000,00 €**
Eixe 3. Transición dixital	**3.1**	Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ó patrimonio militar	30.000,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	33.000,00 €
	3.2	Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra	40.000,00 €	60.000,00 €	85.000,00 €	185.000,00 €
	3.3	Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ó patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías	35.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	47.000,00 €
	3.4	Elaboración de materiais didácticos dixitais para a posta en valor do centro histórico de Ferrol e do patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías defensivas	0,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
		Total EIXE 3	**105.000,00 €**	**92.500,00 €**	**117.500,00 €**	**315.000,00 €**
Eixe 4. Competitividade	**4.1**	Asistencia técnica para a xestión do Plan de Sustentabilidade Turística en Destinos do centro histórico de	40.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	120.000,00 €

		Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra				
	4.2	Deseño gráfico e creación de imaxe de produto para o PSTD centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra	5.000,00 €	0,00 €	0,00 €	5.000,00 €
	4.3	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional do centro histórico de Ferrol e o patrimonio militar da Costa Ártabra	10.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €	25.000,00 €
	4.4	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán	0,00 €	125.000,00 €	0,00 €	125.000,00 €
	4.5	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: II fase do proxecto de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol.	200.000,00 €	200.000,00 €	0,00 €	400.000,00 €
		Total EIXE 4	**255.000,00 €**	**372.500,00 €**	**47.500,00 €**	**675.000,00 €**
Total			**410.000,00 €**	**885.000,00 €**	**705.000,00 €**	**2.000.000,00 €**

ANEXO II
Modelos de declaración
A. Ausencia de conflito de interese
B. Cesión e tratamento de datos
C. Compromiso de cumprimento de principios transversais
D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo

A1. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:
a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.
Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

A2. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informada do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «*existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal*».

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado deste, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros,

os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores»

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incursa en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

B. Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona ……, DNI …….., como ..... da entidade …….., con NIF ……., e domicilio fiscal en ……..
……
……beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «……», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «recabar e asegurar, para os efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

i. O nome do perceptor final dos fondos;

ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;

iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);

iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

……..., XX de …… de 202X

Asdo. …….

Cargo: ……

C. Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona ……., con DNI …….., como titular do órgano/ ...../ da entidade ……..., con NIF ……., e domicilio fiscal en ……. …… …….na condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/ente destinatario do encargo/subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «……», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

……..., XX de …… de 202X

Asdo. …….

Cargo: ……

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm - dnsh)

Información sobre a actuación no plan de recuperación
Identificación da actuación
Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade
Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico
Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida
Investimento 1:transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade
Submedida 2: plans de sustentabilidade turística
Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Mellora de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, entorno e infraestruturas do patrimonio militar	026bis
Recuperación do observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso máis sistema de alertas	037
Adecuación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente para viandantes e ciclistas	075
Creación e sinalización de camiños ciclables nas baterías militares de Ferrolterra	075

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol e en vías de acceso ó patrimonio militar, con especial atención ás baterías militares da zona de Ferrolterra	050

Datos da persoa solicitante
Nome/razón social
Primeiro apelido
Segundo apelido
Nif
E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)
Nome
Primeiro apelido
Segundo apelido
Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:
1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.
Destacando:
1.a redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
2. A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
3. Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.
Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.
As actividades excluídas son:
1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexa, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro

provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamiento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigación de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

35.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para cofinanciar o proxecto de "Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2024".

Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para cofinanciar o proxecto de "Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2024" .

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa "Comisión Informativa de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente", dado o seu carácter residual,

Proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para regular a achega de 105.000,00 € para cofinanciar o proxecto de "Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2024", cun orzamento subvencionado de 469.140,57 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 22,38135 % extendendo a súa vixencia ata o 31 de xullo de 2025 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2024 e o 31 de decembro de 2024.

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220240020480, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA FINANCIAR O PROXECTO "SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA

AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE PROVINCIA DA CORUÑA 2024 ”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte,_____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que as persoas con discapacidade, especialmente as que presentan un grado severo, padecen altos niveis de desemprego.

Que o emprego é un elemento esencial para garantizar a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento persoal e a participación plena na vida económica, cultural e social.

Que o impulso de medidas que promovan a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade concierne a todos os cidadáns, organizacións e entidades.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante, COGAMI) consideran de gran interese para a provincia promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado de traballo das persoas con discapacidade a través do desenvolvemento dunha serie de accións encamiñadas cara a inserción social e laboral.

Que o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e igualdad dos individuos e os grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Que o R.D. Lexislativo 1/2013 , de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral sobre dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, no seu artigo 39 dispón que se fomentará o emprego das persoas con discapacidade mediante o establecemento de axudas que faciliten a súa inclusión laboral, podendo consistir as ditas axudas en subvencións e cantas outras que se consideren adecuadas para promover a colocación das persoas con discapacidade.

Que COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dous seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social, recoñece a importancia do labor que COGAMI desenvolve, sobre todo no que se refire ao fomento do emprego das persoas con discapacidade.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto "Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2024" permite contribuír á integración socio-laboral das persoas con discapacidade, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e COGAMI acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e COGAMI (NIF: G32115941) para financiar o proxecto "Servizo de intermediación laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2024", no que se integran as seguintes actividades:

- Entrevista ocupacional
- Información, orientación e asesoramento laboral.
- Intermediación laboral
- Xestión de ofertas de emprego
- Formación
- Seguemento das persoas usuarias inseridas laboralmente
- Itinerarios personalizados para a promoción da activación da busca de emprego.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

COGAMI desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Gastos de persoal (Salarios e Seguridade Social)	**449.440,04 €**
Persoal de orientación	412.849,29 €
Persoal complementario (traballador/as sociais, técnico/a xurídico, proxectos)	22.221,48 €
Persoal de coordinación	6.892,15 €
Persoal de xestión económica	7.477,12 €
Gastos xerais	**19.700,53 €**
Aprovisionamentos	1.766,13 €
Reparacións e mantemento	2.833,09 €
Subministros	5.208,25 €
Comunicacións	2.414,23 €
Desprazamentos	6.557,47 €
Outros servizos externos	921,36 €
Total	**469.140,57 €**

*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **105.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 22,38135 **%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,38135 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que COGAMI obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o

financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 31 de

decembro de 2024.

2. Unha vez rematadas as actividades, COGAMI deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á COGAMI para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á COGAMI da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por COGAMI na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, COGAMI terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. COGAMI deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. COGAMI destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, COGAMI deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, COGAMI poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, COGAMI queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimiento también poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva

finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2024.

2. Para o caso de que COGAMI non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de

data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Asdo.

Pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

(COGAMI)

Asdo.

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.

36.- Aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Miño para financiar o proxecto "Posta en marcha dun espazo de traballo colaborativo "COWORKING MIÑO", no Centro Municipal de Emprego, Emprendemento e Formación", no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

Vistos os informes e demáis antecedentes sobre a proposta de aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de e Miño para financiar o proxecto "POSTA EN MARCHA DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO "COWORKING MIÑO", NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO, EMPRENDEMENTO E FORMACIÓN", na anualidade 2023, proponse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1º Aprobar a prórroga do convenio 58/2023, de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Miño con CIF P1504900J para o financiamento do proxecto "Posta en marcha dun espazo de traballo colaborativo "COWORKING MIÑO", no Centro Municipal de Emprego, Emprendemento e Formación", cun orzamento total de 50.094,00€, e cunha aportación por parte da Deputación Provincial da Coruña de 40.075,20€ que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%, sendo a nova data de vixencia e xustificación do convenio o **31 de marzo de 2025**, e o novo prazo de execución das actividades ata o **31 de decembro de 2024.**

2º Modificar as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

*1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de marzo de 2023** e o **31 de decembro de 2024.***

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Miño deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Miño para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Miño da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Miño na documentación achegada. E se tiveran

transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concelllo de Miño terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día ***31 de marzo de 2025.***

2. Para o caso de que o Concello de Miño non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día ***31 de marzo de 2025, d****eberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do* ***30 de novembro de 2025****. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Miño perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.*

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3º Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á rexeneración da Ría do Burgo

A ría do Burgo foi obxecto desde finais do século pasado dun bo número de proxectos para lograr o seu saneamento, erradicar as verteduras incontroladas e manter a súa riqueza marisqueira. Con todo na práctica non se plasmaron máis que actuacións parciais que non lograban eliminar a imaxe de deterioración ambiental da ría.

Desde Augas de Galicia realizáronse a partir do ano 2001 obras de saneamento na contorna da ría do Burgo e municipios limítrofes, que incluíron entre outras o saneamento de Culleredo, Oleiros e Cambre e a eliminación das verteduras do Burgo.

Sen embrago, ningunha destas actuacións da Xunta de Galicia abordaba a rexeneración ambiental integral da ría do Burgo, co fin de rexenerar os bancos de marisqueo da ría permitindo así a recuperación dos recursos marisqueiros e da actividade extractiva aos e as mariscadoras da zona como reiteradamente reclamaban as confrarías da zona.

A ría do Burgo atopábase moi deteriorada, debido ás verteduras que viña recibindo ao longo dos anos e que afectaron gravemente á calidade das súas augas e á produtividade dos bancos marisqueiros.

No ano 2021 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico licitou o proxecto, cofinanciado con fondos FEDER 2014-2020, para o dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, cun custo de obra e control ambiental de máis de 33 millóns de euros, iniciando as obras en decembro de 2021.

A rexeneración ambiental da ría do Burgo, que promove o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, afecta á Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, finalizou o pasado venres 26 de abril coa recepción da obra por parte de representantes do Goberno central.

Dentro do proxecto estaba incluída a sementa que no momento da finalización do proxecto estaba completamente realizada e co visto e prace dos biólogos da Xunta de Galicia. É necesario neste punto que a Xunta de Galicia estableza os protocolos de seguimento e control do proceso de desenvolvemento e supervivencia da semente implantada para que se produza unha recuperación efectiva dos bancos para a súa explotación por parte dos mariscadores e mariscadoras e complétese así a rexeneración integral, ambiental e socio-económica, da ría do Burgo.

Agora o que toca é esperar a que creza o marisco, contorna a 18 ou 24, e durante ese tempo debemos achegar solucións ás e os mariscadores. Durante o tempo que durou as obras de rexeneración da ría do Burgo, o Goberno central foi o único que se fixo cargo de abonar axudas por inactividade ás e os mariscadores do Burgo, unha actuación imprescindible e necesaria, por unha contía total de 3.659.120,22 de euros.

A Xunta de Galicia, que ten competencias exclusivas en marisqueo, debe comezar a traballar para dar solucións a mariscadores/as do Burgo que reclaman compensacións económicas xustas unha vez finalizado o dragado, ata que os bancos recuperen a súa produción e poidan traballar na zona.

É por tanto a Xunta de Galicia a que debe dar resposta ás xustas reivindicacións das e

dos mariscadores da ría do Burgo ata que se poida realizar a actividade extractora nos areais rexenerados. Durante o tempo de realización da rexeneración esas indemnizacións foron soportadas en exclusiva polo Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por todo o exposto, dende os Grupos do BNG e do PSdeG-PSOE na Deputación Provincial da Coruña solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar a Xunta de Galicia a establecer un protocolo de seguimento e supervivencia da sementa realizada, monitorizando a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría do Burgo.
   Realizarase a monitorización da produtividade das distintas zonas da ría, establecendo as características óptimas de explotación para obter unha mellor produtividade e sustentabilidade dos bancos marisqueiros.

2. Instar a Xunta de Galicia a establecer un plan de axudas e compensacións ás mariscadoras e aos mariscadores do Burgo para o período entre que finalizaron as obras de rexeneración e os areais da ría recuperan a súa produción e, por tanto, permita traballar na zona.